



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 56

Sesión plenaria
10 de novembro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-wZ5fcTZx8-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4. Interpelacións

4.1 16641 (11/INT-000961)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 147, do 02.06.2021

4.2 20889 (11/INT-001132)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e catro deputados/as máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 196, do 08.09.2021

4.3 23517 (11/INT-001241)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 216, do 21.10.2021

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 24237 (11/POPX-000045)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a orientación dos fondos *Next Generation* para mellorar os servizos públicos, modernizar a economía e xerar emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

5.2 24238 (11/POPX-000046)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a escalada de prezos e o seu impacto nas familias e nos sectores produtivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 21384 (11/POP-003290)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e nove deputados/as máis

Sobre a situación en que se atopa o proceso de venda da fábrica de aluminio de San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 198, do 15.09.2021



6.2 24236 (11/PUP-000213)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel**

Sobre a nulidade do expediente de regulación de emprego na factoría de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

6.3 18932 (11/POP-002594)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre os traballos e os programas que se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 183, do 09.08.2021

6.4 24233 (11/PUP-000212)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego da existencia de 15.000 postos de traballo sen cubrir a pesar do número de desempregados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 220, do 03.11.2021

6.5 22215 (11/POP-003269)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a colaboración do colectivo de ópticos e optometristas na asistencia sanitaria visual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

6.6 22315 (11/POP-003287)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Lago, Noelia e tres deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha da unidade de demencias da Área Sanitaria de Vigo no Hospital do Meixoeiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 206, do 29.09.2021

6.7 23926 (11/POP-003433)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre o impacto na mellora da asistencia sanitaria pública tras o convenio asinado pola Xunta en 2015 coa Fundación Amancio Ortega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021

6.8 23886 (11/POP-003424)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a vulneración de dereitos fundamentais en residencias de maiores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021



6.9 23902 (11/POP-003427)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis

Sobre os dereitos educativos da mocidade interna no centro de menores Santo Anxo de Rábade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 218, do 28.10.2021



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a orientación dos fondos Next Generation para mellorar os servizos públicos, modernizar a economía e xerar emprego. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx.8.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Caballero Miguez (S)*. (Páx. 11.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a escalada dos prezos e o seu impacto nas familias e nos sectores produtivos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Interpelación de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 20.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 23.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 28.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 28.)

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e catro deputados/as máis, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 31.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 34.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 36.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 38.)



Interpelación de D. Juan Carlos Francisco Rivera e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Francisco Rivera (S)*. (Páx. 40.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 43.)

Réplica do autor: *Sr. Francisco Rivera (S)*. (Páx. 46.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 48.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración na orde do día consistente no debate acumulado de dúas preguntas sobre a factoría de Alcoa, en San Cibrao. (Páx. 49.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se atopa o proceso de venda da fábrica de aluminio de San Cibrao. (Punto sexto da orde do día.)

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a nulidade do expediente de regulación de emprego na factoría de Alcoa, en San Cibrao. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Balseiro Orol (P)* (Páx. 50.) e *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 51.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 52.)

Réplica dos autores: *Sr. Balseiro Orol (P)* (Páx. 56.) e *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 54.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación (Conde López)*. (Páx. 56.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da existencia de 15.000 postos de traballo sen cubrir a pesar do número de desempregados. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 57.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 58.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 60.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a colaboración do colectivo de ópticos e optometristas na asistencia sanitaria visual. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 61.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 62.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 65.)



Pregunta de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha da unidade de demencias da Área Sanitaria de Vigo no Hospital do Meixoeiro. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 66.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 67.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 68.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 69.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o impacto na mellora da asistencia sanitaria pública tras o convenio asinado pola Xunta en 2015 coa Fundación Amancio Ortega. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 70.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 71)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 72.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña)*. (Páx. 73.)

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a vulneración de dereitos fundamentais en residencias de maiores (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez)*. (Páx. 78.)

Remata a sesión á unha e corenta e nove minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reanudamos a sesión co punto quinto da orde do día, de preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Gonzalo Caballero Miguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a orientación dos fondos Next Generation para mellorar os servizos públicos, modernizar a economía e xerar emprego

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor presidente da Xunta, señorías, seguimos traballando para a mellor reactivación, para a reactivación económica que permita a modernización económica do país, que permita o fortalecemento dos servizos públicos e que permita tamén a xeración de emprego de calidade. O meu compromiso con este Parlamento e coa reactivación é inquebrantable e, desde logo, vou seguir trasladándolle á Xunta de Galicia todas aquelas propostas e medidas para facer un adecuado balance da situación que hai e tamén para facer unha adecuada xestión dos recursos existentes para favorecer os galegos e as galegas. Ese é o reto que temos, esa é a prioridade do Partido Socialista. Éo en España, éo en Galicia e en cada recuncho do país. E queremos que o Goberno da Xunta xestione os seus fondos coa maior eficiencia, coa maior capacidade, para que ninguén quede atrás e para aproveitar os fondos europeos en todos os retos que temos por diante.

A saída desta crise hai que facela pola esquerda, con políticas de progreso. Hai que facelas aproveitando as posibilidades de investimento que dan os fondos europeos. E aí o Goberno de España fixo unha gran xestión conseguindo 140.000 millóns de euros — máis de 72.000 a fondo perdido— para España, que implican que imos ter unha recepción de fondos moi importante —que xa a estamos tendo—.

E eu quería preguntarlle ao presidente da Xunta de Galicia como valora e como está xestionando esta oportunidade e esta cantidade inxente de fondos que está nas súas mans. Quéroo preguntar, en primeiro lugar, facendo un balance de por que ao longo dos últimos anos o Goberno da Xunta de Galicia suspendeu á hora de xestionar os fondos europeos. O último informe do Consello de Contas amosa que vostedes deixaron sen executar catro de cada dez euros que chegaron á Xunta de Galicia de fondos europeos, ¡catro de cada dez euros! Corrobórao o Consello de Contas. Explíquelles vostede a Galicia por que non houbo unha mellor xestión e como van vostedes agora facer unha mellor xestión para deixar a execución nun nivel axeitado aos retos que temos por diante.

En segundo lugar, quería preguntarlle, señor Feijóo, como valora vostede o dobre incremento do 30 % que chega a Galicia neste ano 2022 —un incremento do 30 % do investimento territorializado dos orzamentos xerais do Estado para Galicia e tamén un incremento do 31 %



dos fondos europeos que chegan aos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2022—. De atrás deses incrementos están os fondos europeos, está a xestión de saber facer un planteamento distinto para saír desta crise e tamén un Congreso dos Deputados que votou a favor de que eses fondos poidan estar xa sendo empregados en España e en Galicia —co voto en contra, por certo, do Partido Popular—. Vaise incrementar un 29 % o investimento territorializado en Galicia nos orzamentos xerais do Estado o ano que vén, e nun 31 % incrementanse os fondos europeos que chegan aos orzamentos da Xunta de Galicia. Por iso os orzamentos da Xunta van volver gastar e investir en máximos históricos. ¿Como o valora vostede?

En terceiro lugar, señor Feijóo, quería preguntarlle como son os efectos que vostede está detectando, no emprego e na modernización, dos fondos europeos que vostedes xa están gastando neste momento dende os orzamentos da Xunta e cal é a valoración dos 500 millóns de euros que van incorporarse dos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia aos orzamentos do ano 2022.

E, en cuarto lugar, fáganos tamén unha valoración, señor Feijóo, de como está a Xunta de Galicia encarando as prioridades para a xestión de toda esta cantidade de fondos que chegan á Xunta. ¿Cales son as súas prioridades?, ¿como lles garante vostede aos galegos e ás galegas un uso eficiente e equitativo deses fondos e como vai fortalecer a saída da crise? E tamén explique, señor Feijóo, como está desenvolvendo os proxectos prioritarios que vostede enviou ao Goberno de España —os catro seleccionados como de máxima prioridade— para que poidan captar fondos europeos e favorecer a reactivación.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Caballero, por suposto que imos seguir escoitando con moita atención todas as cuestións que queira trasladar ao Goberno e todas as súas propostas, as propostas do seu grupo, en relación con este asunto ou calquera outro que o grupo considere oportuno.

Certamente fala vostede de que o Goberno de España conseguiu 140.000 millóns de euros de fondos europeos. E tamén sabe vostede que o pasado xoves nos atopamos con que hai un contrato, un acordo, asinado entre o Goberno de España e a Unión Europea, no que se concretan os requisitos e as condicións para poder asumir eses 140.000 millóns de euros —70.000 a fondo perdido e 70.000 en préstamos—. Non coñecemos eses requisitos nin esas condicións, non sabemos realmente o que ten que cumprir o Goberno de España para poder recibir eses fondos, nin en préstamos nin en subvencións a fondo perdido. Polo tanto, señoría, cando vostede me di que imos recibir non sei cantos fondos, o que non me di é cales son as condicións e os requisitos que o Goberno nos impón ao conxunto dos españois —e,



en consecuencia, aos galegos — para poder optar a eses fondos. ¿Van subir vostedes os impostos? ¿Van poñer vostedes un imposto ás autovías españolas con custo por quilómetro e, polo tanto, discriminar de forma constante e intensa a comunidade de Galicia? ¿Van incrementar os prazos da idade de xubilación? ¿Van incrementar as cotas da Seguridade Social? Esas son, señoría, as condicións que necesitamos coñecer exactamente para propoñer unha política económica acorde cun acordo que non se coñece —e, en consecuencia, sen transparencia— que vostedes parece ser que firmaron coa Unión Europea.

¿Que é o que fixemos nós? Cumprir os nosos obxectivos e os nosos compromisos, e presentar unha proposta, que entra dentro dos eixos do Plan de recuperación e de transformación asinado polo Goberno de España, sen coñecer as condicións para poder tramitar ese plan e esa recuperación.

Agora dinos o Goberno de España que, despois de presentar todos os proxectos, temos que elixir tres. A vostede ¿que lle parecería se a Xunta só fose capaz de presentar tres proxectos ao Goberno central? ¿Que diría vostede se soamente eliximos tres do conxunto do sistema operativo industrial e económico do país? ¿Que diría vostede, señoría? Que non temos unha idea global do que queremos facer cos fondos e que non temos unha política económica e industrial axeitada. ¿Que foi o que fixemos, señoría? Primeiro, facer o noso traballo, que é presentar todos os proxectos que o comité de expertos e que as políticas económicas e as políticas industriais da comunidade autónoma concretaron como prioritarios. Están todos aquí, señoría, ¡todos!

Polo tanto, o que queremos facer debería vostede coñecelo. Está publicado, esta remitido, é coñecido. Creouse unha comisión de seguimento neste Parlamento para poder plantexar propostas, emendas e adicións. E ¿cantas fixo o Partido Socialista? Ningunha.

Mire, no debate último do estado da Autonomía nós propuxemos unha resolución para, primeiro, exixir a cogobernaza real; segundo, concretar os criterios transparentes e equitativos; e, terceiro, concretar cales son as prioridades: a automoción, a cadea agroalimentaria e a medicina personalizada. ¿Que fixeron os grupos da oposición? Non apoialo. O BNG, por suposto, votou en contra. O PSOE simplemente se abstivo. Plantexamos un dos eixos vertebrais no ámbito forestal, que é a fábrica de fibras téxtiles. ¿Que fixo o BNG? Votar en contra. ¿Que fixo vostede? Aí si nos apoiou. Podemos seguir traballando.

¿Cales son as prioridades que presentamos? Son coñecidas: o sector forestal e a industria asociada á transición verde...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...—proxectos por 3.000 millóns de euros e 29.000 empregos—; a automoción —proxectos por 1.200 millóns de euros e 1.000 empregos, concretado no sistema de automoción de Galicia—; no ámbito agroalimentario hai proxectos por 1.000 millóns de euros, coa creación de 4.000 empregos; no ámbito da medicina personalizada hai proxectos por 500 millóns e a creación de 400 empregos.



Polo tanto, só as prioridades que seleccionamos e foron remitidas, seguindo a indicación da Vicepresidencia do Goberno, son 6.000 millóns de euros e 34.000 empregos. Isto é o que queremos facer, señoría. Parece razoable, pois, que, se vostedes teñen algunha proposta, nola digan.

O que si está claro, señoría...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ... é que de momento a Xunta de Galicia, sobre os Next Generation, sobre os fondos europeos para proxectos económicos e industriais, recibiu cero, ¡cero! E o que é evidente é que dos fondos que transferiron para a covid a Xunta de Galicia recibiu 600 millóns de euros menos do que lle corresponden de acordo co sistema de financiamento. Esas son as conclusións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E ¿que din os seus colegas socialistas noutras comunidades autónomas? Que necesitamos outro fondo covid no ano 2022. ¿O Partido Socialista de Galicia está de acordo?

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica do señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Señor presidente, pídlle valentía para orientar o futuro en vez de apatía para xestionar o presente. Pídlle que asuma os retos de Galicia como o principal motor de construción dunha nova etapa poscovid. Pídlle que se comprometa cos galegos e coas galegas, coa modernización, coa cohesión, coa equidade. Deixe, señor Feijóo, de estar buscando un goberno que pasa palabra ante cada un dos retos fundamentais do noso país e pónase a gobernar. Aproveite os fondos que están xa na Xunta de Galicia, porque, cando vostede fala dos orzamentos da Xunta de Galicia, do que vostedes están xa gastando, están xa tendo a posibilidade de investir os fondos Next Generation. O seu propio conselleiro dicía con claridade: «Galicia nos orzamentos do próximo ano dotou máis de 500 millóns para executar fondos Next Generation. Agora temos que ser capaces de xestionalos con éxito». Vostedes mesmos teñen que recoñecer que xa están tendo unha posibilidade de gasto e de investimento moi altos grazas a eses fondos que xa están en Galicia e que vostedes están xestionando grazas a unha política económica marcada por un goberno distinto ao que vostede quereda —que quereda un goberno de recortes, de axuste, de austeridade, en vez dun goberno de investimento e de reactivación—.

E, cando vostede fala de cales son as condicións, eu o que lle digo é que neste ano que vén Galicia vai ter un dobre incremento do 30 %: un 30 % máis de fondos europeos nos orzamentos



da Xunta de Galicia, que permiten que se eleven as posibilidades de gasto a un máximo histórico, e un incremento do 30 % de participación nos orzamentos xerais do Estado en Galicia en investimento territorializado, que permite que Galicia e cada galego reciban moito máis que na media do conxunto do Estado. Valore eses fondos e aprenda a xestionalos.

E dende logo que, cando falamos de condicións, vostede ten a capacidade de gastar e de non ter que contribuír. Por iso, cando vostede sinala que queren baixar os impostos en Galicia, fánllelo normalmente aos millonarios, aos máis podentes —iso si, porque reciben os fondos dos orzamentos xerais do Estado—. Outros conseguen os fondos para que vostedes non teñan que ter un mínimo de corresponsabilidade fiscal e que vostedes poidan investir e gastar sen ter que estar recadando. E ese é tamén un elemento que vostede ten que ter en conta. Dende logo, á hora de falar de condicións, nós imos estar cos galegos e coas galegas.

Dicíalle, señor Feijóo, que o meu compromiso con Galicia e con este Parlamento é e vai ser inquebrantable, que vou seguir traballando polos galegos e galegas alí onde nos puxeron: na oposición ao Partido Popular. E pídolle que governe onde o puxeron os galegos: á fronte da Xunta de Galicia facendo as mellores xestións e coas mellores posibilidades para o noso país, ese é o gran reto.

E alí onde haxa que defender os galegos, farémolo. Se nas condicións que marcan as institucións europeas plantexan que hai que establecer peaxes nas autovías galegas, eu xa lle digo que iso non vai estar nin nas miñas prioridades nin na miña forma de entender como hai que xestionar a reactivación. E quero dicir como o dixeran hai dous anos na primeira nova que saíu nesa liña.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Á vez que aplaudo un goberno de España que inviste máis en Galicia, un goberno de España que permite rebaixar as peaxes da AP-9, sen dúbida, o noso compromiso é Galicia e vai seguir sendo Galicia polos galegos e polas galegas, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Peche da pregunta polo señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Caballero, moitísimas grazas.

Creo que todos entendemos a súa mensaxe, *(Risos.)* por tanto, non podo máis que alegrarme de que vostede siga traballando de forma inquebrantable por Galicia e de que me siga trasladando en todas as sesións de control o que vostede considera oportuno que temos que facer —supoño que entre todos—, dada a situación na que estamos a vivir—.

Para tranquilizalo quero trasladarlle os datos oficiais de execución dos fondos europeos. Nós superamos en 14 puntos a media de execución de fondos Feder de toda España —14 puntos



máis que a media de todas as comunidades autónomas de España— e somos a quinta comunidade autónoma con máis execución de fondos Feder de toda España. Sempre se pode mellorar, señoría, pero superar en 14 puntos a media de España... Xa me gustaría superalos tamén noutros parámetros.

Vostede di que baixamos os impostos grazas ao Goberno de España. ¿Por que non o fai o Goberno de España, que tamén recibe fondos europeos? Se o Goberno de España está quedando neste momento co 70 % dos fondos europeos porque non llelos está transferindo ás comunidades autónomas, ¿por que non aproveita para baixar os impostos? Señoría, no ano 2016 empezamos a baixar impostos, e nin había fondos europeos nin había covid nin había a situación actual. E dende aquela as familias galegas pagaron 1.000 millóns de euros menos en impostos. Por tanto, señoría, non veña aquí simplemente a dar unha opinión —que non un dato— en relación coa política tributaria.

A cuestión, señoría, é se nos poden aclarar ou polo menos nos poden remitir o acordo que o Goberno de España asinou coas autoridades europeas para recibir os fondos. Vostede cun eufemismo —agora lévanse moito os eufemismos na esquerda— dixo que non era a súa prioridade establecer peaxes nas autovías. Non sei se é a súa prioridade ou non o é. Nós estamos onde estivemos sempre, no córner de Europa. Se se establece unha peaxe por quilómetro nas autovías, sabe vostede perfectamente que baixamos en todos os ránkings de competitividade, e as nosas mercadorías, a nosa capacidade de exportación e a nosa capacidade de aprovisionamento baixan en relación cos lugares máis centrais de España. Por tanto, o Partido Socialista tenos que dicir exactamente o que vai facer. E vostede, que é o responsable dese partido na Cámara, debería vir aquí con algunha proposta concreta. Co que quedo é con que non é prioridade para vostede poñer peaxes nas autovías. Moi ben, o que pasa é que hai que dar un paso máis, señoría.

Mire, señoría, nós temos este proxecto. É un proxecto remitido ao Goberno. E despois temos unhas prioridades tamén remitidas ao Goberno. Pregunteille durante o debate se tiña vostede algunha prioridade. Non dixo ningunha. Pedinlle apoio para a racionalización e a obxectivación dos criterios de repartición dos Next Generation, e non me contestou. E pedinlle apoio, señoría, para a cogobernanza, e tampouco. Estamos recibindo 600 millóns de euros menos dos que nos correspondía, e tampouco. E vostede dime que recibimos unha cantidade. ¡Home!, como pode imaxinar, de 70.000 euros supoño que algunha cantidade chegará ao país. Pero, mire, ¿que pensaría vostede se a Xunta de Galicia hai máis dun ano anuncia que recibe fondos europeos e aínda ninguén cobrou un euro deses fondos? ¿Que diría vostede se dicimos que hai un ano que temos uns fondos europeos pero aínda non aprobamos as bases nin as convocatorias para executar eses fondos? E ¿que diría vostede se lle plantexo á oposición —que me propón 354 proxectos— que elixa tres? ¿Sabe o que diría, agora que vostede está máis tranquilo desde o punto de vista orgánico? O que diría é simplemente que na Xunta non hai transparencia, que non hai cogobernanza e incluso diría vostede que non hai gobernanza.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Porque o que sabemos neste momento é que non sabemos nada. O que sabemos é que o Ministerio de Industria



queda cos 12.000 millóns de euros sen repartir. O que sabemos, señoría, é que estes fondos poden ser utilizados polo Goberno central para paliar a súa inestabilidade parlamentaria. O que sabemos e o que tememos é que ese diñeiro europeo que vén para Galicia poida servir para manterse na inestabilidade parlamentaria do Goberno e pactar cos seus socios.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Iso xa está contrastado no ámbito do automóbil. Antes de presentar as propostas do sector do automóbil, a fábrica de baterías foi para Cataluña.

Señor Caballero, vou seguir traballando con vostede todo o que vostede me permita. O que non imos dicir, como é natural, é que todo isto está moi ben e que o que hai que facer é calar.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por suposto que hai que traballar...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pero, dende logo, calar, defendendo os intereses de Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...iso si que non, señor Caballero.

Espero que vostede tampouco.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a escalada dos prezos e o seu impacto nas familias e nos sectores produtivos

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Bo día, señorías.



Señor Feijóo, poucas cuestións lle preocupan hoxe tanto ás familias, á clase traballadora, a calquera persoa que viva dun salario medio ou dunha pensión, como chegar á fin de mes. E, como comprenderá, a subida de prezos —en particular, a da factura da luz— está facendo que chegar á fin de mes sexa misión imposible para moitísimos galegos e galegas. E ademais é unha dificultade engadida para saír da crise.

E vaíamos aos datos.

En outubro de 2020 os prezos subiron un 0,3 %; é dicir, tres décimas. Un ano despois, a subida é do 5,5 %. E poderíamos pensar que esta diferenza é normal porque hai un ano estabamos en plena pandemia. Pero é que, se tomamos como referencia outubro de 2019, a subida de prezos é aínda maior: pasa do 0,1 % ao 5,5 %. Sobe a luz, sobe a auga, sobe o gas, os carburantes e mesmo alimentos básicos —por exemplo, o aceite, que aumenta un 23 %—. En setembro os alimentos subiron de media un 4,6 %; os gastos de vivenda, de auga, electricidade, gas e combustibles, un 17,3 %; os gastos de transporte un 10,2 %. E lémbrolle, señor Feijóo, que os salarios en Galiza están por debaixo da media e que temos as segundas pensións máis baixas de todo o Estado. Pero cada día é máis caro pagar a factura da luz, encher o depósito do coche ou facer a compra no supermercado.

Aínda que, sen dúbida, o que está levando a palma é o incremento do prezo da luz, até chegar a converterse nunha auténtica estafa. Hoxe o megavatio/hora está en 199 euros, cando hai un ano eran 50 —nada menos que un incremento do 293 %—. Isto, traducido á factura da luz, significa un incremento do 40 % de encarecemento de media. Esta subida nun país rico en electricidade é demoledora para as familias pero tamén para as empresas. E está deixando miles de empregos en risco. E isto, ademais, ten un efecto devastador que impacta en cadea en todos os sectores económicos. E aí temos, por exemplo, o sector lácteo, que está atravesando unha situación difícil porque xa viña soportando prezos do leite baixos, e mesmo en moitas ocasións por debaixo dos custos de produción. E agora está sufrindo, ademais, o incremento do prezo das materias primas e da luz, o que está poñendo a moitas explotacións nunha situación límite.

Polo tanto, señor Feijóo, pregúntolle cales son as propostas e as medidas do seu goberno para paliar os efectos da subida do IPC e, en particular, da escandalosa factura da luz.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, efectivamente, a suba de prezos é un problema importante. Na miña opinión é o problema máis importante que neste momento está a ocorrer en España e, en consecuencia, en Galicia.



Efectivamente, coincido con vostede en que é imprescindible tomar en serio os efectos do imposto que grava todas as rendas, e co que teñen máis dificultades, para afrontalo, as rendas baixas e as rendas medias, que é o IPC. Hoxe todas as familias españolas e, en consecuencia, as galegas están máis pobres —arredor dun 5 %—, e por iso é un bo momento para baixar impostos.

Señoría, vimos dun período bastante prolongado de estabilidade dos prezos. Entre o ano 2012 e os anos seguintes os prezos estaban arredor do 2 %, e incluso houbo algún ano con algunha evolución negativa. E agora, na última parte deste ano, os prezos incrementáronse dunha forma exponencial. É a escalada de prezos máis alta dos últimos vinte anos.

É certo, señoría, que isto non é só un problema de España, é un problema do conxunto das economías occidentais. España ten un incremento de prezos do 5,5 % e a zona euro do 4,1 %. Por tanto, España ten un incremento superior dentro desta escalada masiva dos prezos. Sabe ben, señoría, que hai distintas causas, e efectos base, de por que soben os prezos. En primeiro lugar, porque levamos dezaoto meses nunha pandemia, co que as fábricas traballaron ao ralentí e os consumidores non puideron consumir. E agora hai un embalse de aforro en moitas familias. Agora hai un incremento do consumo, un incremento da demanda, e a oferta non chega para esa demanda. E ademais hai un problema de traspaso e de circulación de fretes e de mercadorías.

Esta é a situación na que estamos a vivir. Por iso me alegro de que o BNG tome nota da situación na que estamos e que concrete a súa política económica e as súas alianzas. Sería bo, polo tanto, coñecer exactamente o que vai facer o BNG en relación coa política económica do Goberno central e cos presupostos para o ano 2022. ¿Vai apoiar estes presupostos e a política económica ou non?

Mire, señoría, ¿que se pode facer? En primeiro lugar, presentar unhas contas públicas cribles e reais, e, por tanto, non mentir nos ingresos, non incrementar a débeda pública de forma exponencial, non incrementar os impostos ás familias —que xa pagan o imposto do IPC—. Porque, se non, imos descontrolar o déficit, incrementar a débeda e ter que facer recortes nos próximos anos. A primeira cuestión, señoría, é que estes presupostos que presentamos nós cumpren todos os requisitos: baixar impostos, non incrementar a débeda de forma exponencial, manter o gasto social e incrementar os investimentos.

A segunda proposta é claramente baixar impostos. ¿Por que? Porque xa soben co IPC. E se as familias galegas teñen que pagar todas esas subas de prezos de forma exponencial, baixémoslles o imposto da renda, baixémoslles o conxunto dos impostos da cesta autonómica. É a nosa proposta. Espero que vostede a avalíe, e que a avalíe cun voto a favor da baixada dos impostos das familias galegas.

En terceiro lugar, apoiar os traballadores a través dos sectores económicos máis castigados pola crise. Con 600 millóns de euros apoiamos os sectores económicos máis castigados pola crise. Aprobamos a Lei da reactivación e estamos neste momento tramitando a Lei de áreas empresariais. Vostedes sempre votan en contra de todo —polo menos, ata o domingo—. (Murmurios.)



Por tanto, señoría, ¿que é o que pedimos? Pois, mire, que apoie vostede unha baixada de impostos...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que apoie vostede unhas contas públicas equilibradas e, sobre todo, que siga apoiando vostede as axudas que lles damos ás familias. Por exemplo, que apoie vostede a conxelación das taxas universitarias —que Galicia leva practicando máis dunha década—; que apoie vostede que os nenos, os rapaces, os mozos e as mozas de menos de 21 anos non paguen transporte interurbano —e que onde vostedes gobernan, que gobernan en todas as cidades co PSOE, que non paguen transporte urbano—.

¿Que propoñemos, señoría? Que as escolas infantís sexan gratuítas en toda Galicia para todos os fillos. Apoien vostedes unha emenda nos presupostos do Estado para cofinancialo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Que propoñemos, señoría? Seguir coas nosas políticas, por suposto. ¿Sabe vostede que Galicia é a comunidade autónoma de toda España que máis axuda as familias nos custos eléctricos?

Sigan vostedes apoiando este tipo de políticas e, por suposto, señora Pontón, baixemos os impostos. Porque o IPC é o imposto máis caro e que grava as rendas máis baixas, é o máis inxusto de todos os impostos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E, se estamos nunha estra-tosférica subida do IPC, é o momento de apoiar unha baixada de impostos.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, non sei se o entendín ben. Hoxe veu a esta sesión de control a dicir que o problema é que o BNG non apoia as políticas do Partido Popular. Realmente é unha cousa sorprendente, señor Feijóo.

Mire, nós cremos que hai que axudar na reactivación económica. Pero é que as súas receitas son receitas que xa fracasaron no pasado. Porque o que nos vén propoñer é baixarlles os impostos aos que máis teñen. E nós cremos que nesta crise os que máis teñen, teñen que aportar para que haxa recursos para as familias ás que lles está subindo o custo da vida e que non teñen alternativas. *(Aplausos.)*



E que, cando temos miles de familias afogadas pola suba do custo da vida —e quero lembrarlle que neste país, segundo os últimos datos oficiais, temos 320.000 persoas que viven en situación de pobreza severa—, cando temos as pemes e os nosos autónomos facendo malabarismos para poder enfrontar unha situación realmente difícil, ou cando temos sectores económicos contra as cordas, como pode ser o sector lácteo, o presidente da Xunta vén aquí a seguir dicíndonos que non vai facer absolutamente nada nin vai poñer sobre a mesa ningunha medida extraordinaria.

E é tal o seu escapismo que vemos situacións asombrosas. Eu onte recibín no meu correo electrónico unha petición do seu conselleiro do Medio Rural para pedirme que faga o traballo que vostede non fai: que negocie con Madrid unha solución aos prezos inxustos da crise. *(Aplausos.)* Señor Feijóo, se non é capaz de poñer solucións, desde logo o que debería facer é deixar sitio. Porque é sorprendente que leve vostede doce anos gobernando e que veña aquí a dicirnos que a culpa é do Bloque Nacionalista Galego.

E, mire, o que nos preocupa é comprobar ata que punto vostede segue aquí o catecismo do Partido Popular máis ultra da súa historia, ese catecismo que di que hai que baixarlles os impostos ás rendas altas cando o que necesitamos é unha fiscalidade xusta; ou ese catecismo que se reafirmou nesa convención de Valencia, onde vimos como saía un Partido Popular máis ultra, tan ultra que teñen o descaro de propoñer para o Tribunal Constitucional a persoas como Enrique Arnaldo, vinculado a casos de corrupción e que, desde logo, é un exemplo de como entenden vostedes a política —xa o dicían nesa convención—.

Nós, señor Feijóo, cremos que hai que actuar, que hai que actuar para poñer sobre a mesa medidas para frear os custos enerxéticos disparados. E volvo dicirle que ten a man tendida do BNG para que defendamos unha tarifa eléctrica galega, para que usemos a riqueza eléctrica que ten este país para beneficiar as empresas e as familias. Porque, desde logo, creo que en Galiza a única persoa que non entende que temos dereito a beneficiarnos desa riqueza é vostede. Quizais o que o cegan son as portas xiratorias, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche da pregunta polo señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, desde o ano 2016 síntome moi orgulloso de que as familias galegas paguen menos impostos en Galicia. Vostede o que quere é que paguen máis impostos. Nós o que pretendemos é que paguen menos. Esa é unha diferenza evidente. Eu non lle pido que vostede apoie as propostas do Partido Popular, o que lle pido é que non apoie as propostas do Partido Socialista, porque é evidente que a súa política económica está engadindo un factor de perigo de incremento dos prezos ao consumo que estamos a vivir neste momento no Estado. *(Aplausos.)*

Pero, señoría, empezamos a baixar o imposto da renda das persoas físicas no ano 2014, volvemos baixalo no ano 2016. Non cobramos impostos en todo o rural para mercar, permutar



ou adquirir terras. Temos un dos impostos máis baixos en transmisións patrimoniais para familias numerosas, familias monoparentais e para persoas con discapacidade. Somos a cuarta comunidade autónoma con menor presión fiscal en España. E a vostede iso parécelle mal, está claro.

Soben os prezos, increméntase a luz, increméntanse os prezos de todas as materias primas, os gandeiros non poden chegar á fin de mes, o prezo do leite non cobre os custos e a súa proposta é subir impostos. Ben, señoría, vexamos iso de subir impostos ás rendas altas. ¿Vostede cre que subir o imposto do diésel é subir o imposto ás rendas altas? ¿Cre que incrementar o imposto de matriculación é subir o imposto ás rendas altas, ou meter peaxes nas autovías — que é a política económica que vostedes apoian— ou incrementar as bases máximas de cotización, ou incrementar o IRPF, ou estar caladiños ante unha aldraxe ao dereito civil galego polo Partido Socialista Obrero Español —que nos queren arrebatarse as exencións das heranzas en vida— por parte dos caladiños do Bloque Nacionalista Galego? (*Aplausos.*)

Señoría, ¿é que cre vostede que iso realmente mellora a economía das familias? Mire, a mellora da economía das familias é que hoxe un contribuínte galego paga 400 euros menos de renda do que pagaba cando vostedes gobernaban aquí, en plena bonanza económica, ¡403 euros menos en renda que cando vostedes gobernaban en Galicia! Iso é o que cremos que pode paliar os problemas do imposto global, que é o imposto de prezos ao consumo.

Mire, ¿por que non lle pide ao Goberno central que baixe os impostos, como facemos en Galicia? Polo menos durante o tempo inflacionista, porque, cada vez que sobe un prezo, o IVE segue no 21 %; cada vez que sobe o diésel, o Goberno e o Ministerio de Facenda leva do IVE o 21 %; cada vez que soben os prezos o Goberno leva o 21 %; cada vez que sobe a luz o Goberno leva o 50 % en impostos da luz e unha empresa pública —Rede Eléctrica Española— un 20 %. ¡É un choio para as arcas estatais subir o prezo da luz!

Mire, señora Pontón, ¿por que a vostede lle parece mal condicionar o voto do seu deputado nas Cortes para que se inclúa unha emenda que garanta aos gandeiros que cobren o que merecen na Lei de calidade alimentaria que se está tramitando no Senado? (*Murmurios.*) ¿Parécelle mal que o Goberno lle pida o voto...? ¿Non din vostedes que só se deben a Galicia? Aquí todo o mundo se debe a Galicia, pero cando saen da Cámara o único ao que se deben é o PSOE ao BNG e o BNG ao PSOE, ¡constantemente! (*Fortes aplausos.*) Esta é realmente a novidade dos prezos, señoría.

Mire, señoría, eu estou acostumado a case todo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Agora ben, que o BNG me diga que eu son o responsable da suba dos carburantes a nivel mundial, que son o responsable da crise dos microchips en Asia ou que tamén son o responsable do encarecemento internacional das materias primas, supoño que será unha broma. (*Murmurios.*) En todo caso, señoría, non somos responsables pero hai que combatelo. E nós estamos combaténdoos con políticas económicas concretas...,



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...como é unha baixada de impostos xeneralizada a todos os galegos para que poidan soportar o incremento de prezos ao consumo.

Se vostede quere estar cos galegos xa sabe o que ten que facer, predicar menos e traballar máis.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día, que é o de interpelacións. E empezamos coa da señora Prado Cores.

Interpelación de D^a María Monserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de atención primaria sanitaria

O señor PRESIDENTE: Cando queira, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señor conselleiro.

Teño que volver dicirle que a atención primaria está exhausta tras anos de facer de trincheira do sistema sanitario. A atención primaria baseada na proximidade, na accesibilidade, na relación directa profesionais-doentes, na continuidade da asistencia, está máis que en risco. E o Partido Popular é o responsable desta situación porque fixo saltar polos aires eses alicerces que acabo de nomear e que son a auténtica base do que debe ser a atención primaria.

Esta degradación progresiva é consecuencia de decisións políticas —non técnicas, senón políticas—, dunha política do Partido Popular baseada no desmantelamento da sanidade pública, dunha política de doce anos continuados de xubilacións previsibles e que por decisión política non foron substituídas; doce anos de recortes nos orzamentos —fundamentalmente destinados á atención primaria—; doce anos de desmantelamento das estruturas directivas da atención primaria que a secundarizaron e que a deixaron sen capacidade de decisión nin de reacción; doce anos de soberbia, señor conselleiro, de soberbia, de non escoitar os profesionais que denunciaban esta situación e que exixían poder traballar en condicións dignas —porque non é unha cuestión sobrevida de última hora, senón que isto leva anos sendo así—; doce anos negándose a incorporar novos profesionais á atención primaria, novas categorías, para que a poboación poida recibir unha atención sanitaria integral; doce anos de populismo xestionando a sanidade con titulares de prensa e non con medidas reais para a atención primaria.



E diante desta situación o descontento non fai máis que medrar. Non hai ninguén sen facer pública a preocupación e o malestar pola situación da atención primaria. Non queda ninguén sen trasladarlle a súa preocupación. Hai denuncias polo cansazo, pola saturación e presión permanente que fai que así non sexa posible traballar. Hai mobilizacións da poboación para solicitar solucións á situación nos centros de saúde, á falta de profesionais, á falta de pediatras, para pedir a presencialidade da atención, a reapertura dos consultorios periféricos. E podo nomearlle só algúns sitios: Seixo, Meis, A Guarda, Ponteareas, Moaña, Gondomar, Vila de Cruces, Outes, Carballo, Viveiro, O Barco, Burela, Mondariz ou Poio. Son só algúns sitios onde se está mobilizando a poboación porque non aguanta máis esta situación, porque non aguanta máis. (*Aplausos.*) Os facultativos de atención primaria da área sanitaria de Pontevedra e do Salnés están mobilizándose dende hai semanas para denunciar a sobrecarga horaria e o abuso, para reclamar condicións de traballo dignas e previsións de xornada para que poidan saber se mañá, ou pasado, van ter que traballar ou non, para que a prolongación de xornada sexa unha excepción e non a norma. É que a solución non pode ser obrígalos a traballar máis horas, máis horas e máis horas. Esa non pode ser a solución, señor conselleiro, á desfeita que vostedes provocaron e para a que non puxeron medidas. Denuncian que esa sobrecarga horaria e o abuso provoca o éxodo das persoas que se están formando, que das trece que se formaron nos últimos tempos na área sanitaria só quedan tres na atención primaria. Debería tomar nota. Máis unha vez teño que dicirlle o de tomar nota porque, de trece, na área sanitaria soamente quedan tres.

Máis descontentos: os colexios médicos presentaron denuncia penal polo risco que supón esa presión asistencial, esa sobrecarga asistencial permanente, ou agora anuncian recursos contra ese sistema de xestión da demanda, ese XIDE que vostedes poñen en marcha e que non significa máis que máis traballo. Hai voces de alarma que este domingo se van unir nunha soa voz na manifestación convocada pola plataforma SOS Sanidade Pública, aquí en Compostela, en defensa da sanidade pública —en especial da atención primaria—. Dende aquí, en nome do BNG, quero trasladar todo o apoio a esa mobilización. (*Aplausos.*)

Hai miles de SOS, de mensaxes de socorro, pola falta de persoal, pola falta de presencialidade, polo cansazo e a escaseza, por ver que non se está poñendo encima da mesa ningunha mellora que faga ver algunha luz ao final do túnel; mensaxes de socorro de profesionais que están abandonando porque non queren traballar nunha situación na que non poden desenvolver ben o seu traballo, porque non poden atender ben os doentes, que marchan fóra, que marchan á privada ou que solicitan excedencias porque así non poden traballar.

E a pregunta, señor conselleiro, é: ¿que alternativa lles ofrece aos galegos e galegas diante da escaseza de facultativos, de facultativas, de pediatras?, ¿cal é a alternativa, señor conselleiro, porque as voces de alarma son pola constatación de que esta deterioración é terreo abonado para o aumento da sanidade privada? Xa son millentas as voces de alarma que están vendo que esta situación de deterioración non é outra cousa que abonarlle o terreo á sanidade privada. E a pregunta volve ser: ¿cal é a resposta do Partido Popular a estes enormes problemas da atención primaria?, ¿que se fixo desde a Consellería de Sanidade do Partido Popular? A resposta é que non tomaron nota senón que, moi ao contrario, o que están facendo é ir na dirección contraria aproveitando máis unha vez a pandemia para acelerar esa política de acoso e derrubamento da sanidade pública —e en especial da atención primaria—.



¿Que fixeron diante desta situación? Menos orzamentos, señor conselleiro. No momento no que vostedes predicán que teñen un orzamento tremendamente expansivo e que é o máis social da historia e do mundo mundial, o orzamento de sanidade só aumenta un 0,03 %. Cando aínda seguimos en plena pandemia, cando aínda non sabemos o que vai pasar no inmediato —as alarmas están aí—, vostedes resulta que apenas aumentan o orzamento en sanidade. Pero o que é máis grave é que en atención primaria —que está sendo ese auténtico dique de contención, esa auténtica trincheira— non só é que apenas aumente, senón que o rebaixan con respecto ao 2021. Hai 2 millóns de euros menos no orzamento do 2022 que no do ano 2021. E todos os informes din que a atención primaria debería supoñer o 25 % do orzamento. O grave é que xa estamos por debaixo da media do Estado e vostedes neste ano aínda rebaixan máis os orzamentos para atención primaria. Hai 47 millóns de euros menos que hai doce anos en números absolutos —que se lle aplicáramos a actualización do IPC significarían 277 millóns de euros menos que hai doce anos, e co aumento da necesidade de atención—. *(Aplausos.)* ¡Como se pode prestar unha atención sanitaria minimamente de calidade! ¡Como se poden atender as demandas de atención primaria con menos orzamentos, señor conselleiro! Espero que mo explique na súa intervención.

¿Que fan diante desta situación? Pois empeorar as condicións laborais dos profesionais e das profesionais, non renovar os contratos covid, eses contratos extraordinarios que fixeron por motivo da pandemia, que parece que só eran posibles contratos dun día, de dous días, dunha semana, e resulta que si era posible facer contratos, como mínimo, de seis meses ou dun ano, que foi o que fixeron con estes contratos extraordinarios. E resulta que segue habendo moi-tísima carga de traballo. Estamos agora coa vacina da gripe, coa terceira dose e resulta que non renovan eses contratos ao persoal. Din que renovarán todo o que sexa preciso, pero e que é preciso non soamente o cen por cento dos que estaban contratados senón aínda máis do cen por cento dos que estaban contratados. Polo cal, eu xa lles demando desde aquí que renoven os contratos a todas esas persoas que estaban contratadas. Meten pola porta de atrás na lei de acompañamento destes orzamentos un novo contrato para persoal facultativo —de novo volven usar a lei de orzamentos para que non haxa debate, para non negociar con ninguén, para anular acordos—, un contrato que non está satisfacendo absolutamente a ninguén, señor conselleiro. Queren convencernos de que están creando novas prazas —ese é o seu discurso— cando en realidade soamente é unha estabilización, no mellor dos casos, de prazas de persoal que xa estaba traballando no Sergas. Obrigan a profesionais dos PAC a traballar sen descanso ou non incorporan máis persoal senón que fan que o mesmo que está traballe máis.

¿Que outra cuestión —diante desta situación— está facendo o Partido Popular? Pois un novo sistema de citas por algoritmos. En vez de meter máis profesionais, resulta que queren que sexan as máquinas as que vaian decidindo que tipo de consultas precisa a poboación —esas son as grandes medidas do Partido Popular—, ou anunciar un plan director de infraestruturas despois de ter presentados os orzamentos. Para a maioría das que están anunciando non teñen ningún tipo de partida nos orzamentos. Estas son as grandes medidas do Partido Popular diante dos problemas da atención primaria. Non hai estratexia que permita ver cal é a folla de ruta.

E eu o que teño que dicirle, señor conselleiro, é que, se falla a atención primaria, o fallo estendese a todo o sistema. Vostede sábeo perfectamente. Se falla o alicerce que é atención



primaria, ese fallo vai en cadea ao resto de sistema. E a este ritmo, a este ritmo de deterioración, estamos a un pasiño dun colapso xeneralizado. Non é alarmismo, é o que vén denunciando absolutamente todo o mundo menos o Partido Popular, que está no seu mundo de Yupi e non quere ver a realidade.

A atención primaria necesita dun fortalecemento que, desde o punto de vista do BNG e — insisto— desde o punto de vista de miles de galegos e galegas e da totalidade dos profesionais, non permite máis demoras. Por iso a pregunta, señor conselleiro é: ¿cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a atención primaria sexa o auténtico centro do sistema sanitario?, ¿que vai facer para sacar a atención primaria desta situación límite na que se atopa?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta do conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora Prado, de novo falamos neste Pleno de atención primaria, despois de que, hai pouco máis dunha semana, na comparecencia de presupostos, dedicáramos unha boa parte dela a falar sobre este nivel asistencial. Respondo no primeiro pleno do mes de novembro a unha interpelación feita no mes de maio, e cuxo contido, na súa totalidade, xa foi tratado nunha interpelación dun pleno a mediados de setembro. Entendo que hoxe tratamos esta iniciativa para poder continuar trasladándolle á sociedade unha imaxe falsa sobre a realidade asistencial, xa que esta alarma social da que vostedes falan en ocasións é unicamente a que vostedes dende o seu partido alentan e xeran.

En contraposición a esta actitude de «crítica porque si» intentarei explicar hoxe cales son os avances e medidas en atención primaria sobre as que dende o Goberno galego levamos traballando meses e sobre as que periodicamente xa temos informado neste Parlamento. Quero dicir que, lonxe de que me incomode ter que vir falar de atención primaria e responder ás súas críticas, me parece unha boa oportunidade para dar conta dos avances sobre os compromisos que, tanto o presidente coma a directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria e coma min mesmo, temos comunicado en sede parlamentaria e noutros foros. E falo especialmente desta dirección xeral porque foi creada precisamente para isto, para poder abordar un novo modelo de atención no ámbito da primaria e no resto dos ámbitos, e poder avanzar cara á sanidade do futuro con compoñentes e condicionantes cos que contamos na actualidade.

Vostedes teñen a estratexia do desprestixio e da alarma. E nós temos unha folla de ruta iniciada no 2018 co Plan galego de atención primaria —do que, por certo, vostede nunca fala—, que é



o que nos marcaron os expertos no documento *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*. Por isto, ademais de implantar medidas das que falarei máis adiante, mantemos viva a participación de todos os colectivos implicados. Así, despois da pandemia, recuperamos a actividade do Consello de Atención Primaria, e o pasado 28 de outubro celebramos a oitava reunión no que vai de 2021. Ademais, mantemos xuntanzas coas mesas de (...) (*Inintelixible.*), como non podería ser doutro xeito —a última foi o 4 de novembro—, e tamén cos colexios profesionais, xa sexa cos de médicos ou cos de enfermería. E mesmo vimos de crear unha comisión independente de seguimento sobre o documento mencionando —*Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde*—, composta por dezasete expertos independentes. Polo tanto, señora Prado, existe unha ampla participación, escoita e seguimento das medidas, e son os propios implicados os que teñen as claves para avanzar na reforma que queremos.

Señora Prado, dende a Xunta de Galicia hai tempo que iniciamos accións de cara a paliar o déficit de persoal. O que ocorre é que a vostede esas medidas non lle gustan. Xa no ano 2015 revisamos o noso plan de recursos humanos e incorporamos a xubilación non obrigatoria para os maiores de 65 anos. Quero dar as grazas a todos os profesionais que, cumprindo esa idade, se mantiveron traballando con nós, que son unha peza fundamental nesta situación agora mesmo. Tamén puxemos en marcha o contrato de continuidade, que tampouco lle gusta a vostede e que, por exemplo, leva no presuposto de 2022 á consolidación de 86 novas prazas con este perfil de contrato. No mencionado plan de atención primaria incorporamos 331 prazas en atención primaria, señora Prado. Ademais, nos presupostos deste ano incorporamos 109 prazas máis en atención primaria —28 de farmacia e 81 de enfermería—. De novo a vostede estas prazas non lle parecen nada.

E avanzamos na liña de persoal —despois falaremos do presuposto—. Un dos nosos obxectivos é contar cunha categoría, ou potenciala, que é o de técnico de saúde, para incorporar persoal médico, neste caso non especialista —porque o noso problema está nos especialistas—, e que esta figura colabore co persoal médico nos labores burocráticos e de confección de informes. Do mesmo xeito —e non pola porta de atrás, señora Prado—, queremos desenvolver a categoría de facultativo especialista en atención primaria, que, de igual modo que ocorre nas entidades hospitalarias, faga labores de atención ordinaria e extraordinaria. E mantendo, por suposto, as condicións que teñen os actuais médicos dos centros de saúde e dos PAC. Aquí ninguén está vulnerando os dereitos de ninguén.

Coa xuntanza do mes de outubro coa mesa sectorial comprometémonos a revisar o Plan de ordenación de recursos humanos de atención primaria. Dende Galicia tomamos medidas e decisións, pero o déficit de persoal é un problema común en todos os sistemas de saúde. Así quedou de manifesto na reunión presencial do Consello Interterritorial celebrado en Canarias, no que Galicia solicitou que se modificase a normativa que regula a acreditación de prazas. Hai que dicir que o Ministerio tomou nota e abriu un prazo de consulta pública para elaborar unha nova orde que regule o programa formativo desta especialidade. Galicia trasladou 20 propostas por escrito de cara a flexibilizar o sistema de acreditación e mellorar a formación —por suposto medidas que se tomaron escoitando os profesionais que agora mesmo desenvolven tarefas de formación en atención primaria—, incluíndo que os residentes pasen máis tempo nos centros de saúde durante o período de residencia.



Así mesmo, estase a elaborar por parte do Ministerio un plan de acción de atención primaria do que ata o de agora só contamos co borrador. Pero podemos ver neste borrador como Galicia leva avanzado nas medidas que se están a propoñer. Do total de 54 accións recollidas neste borrador, 23 corresponden ás comunidades autónomas, e Galicia xa ten feitas ou en desenvolvemento 17 delas; é dicir, o 74 % das medidas do plan de acción que está facendo o Ministerio xa están avanzadas en Galicia —para escoitar aquí que non estamos a facer nada—.

Non nos podemos esquecer tampouco da creación da especialidade de urxencias, que todo o colectivo apoia e que o Ministerio dilata sen sentido. Seguimos solicitando a convocatoria dun MIR extraordinario ou, polo menos, cun maior número de prazas destinadas a atención primaria. A última vez foi esta mesma semana, co director xeral de Ordenación Profesional, xa que cremos que esta é unha das vías fundamentais para suplir a carencia de profesionais que sufrimos todas as comunidades autónomas. Por iso Galicia remitiu xa toda a documentación das solicitudes de 64 novas prazas de formación para atención primaria, pasando de 142 a 206 —o que supón un incremento dun 45 %—. E pedimos tamén que estas novas prazas saian xa nesta convocatoria deste ano. A pelota está agora no tellado do Ministerio, que agardamos que atenda a petición de Galicia, xa que deste xeito nos permitiría acurtar os tempos de cara a solucionar o problema do déficit de persoal.

Na anterior interpelación avanzaba tamén que xa están implantadas as axendas de calidade para o persoal facultativo. Tamén estamos a traballar agora mesmo nas axendas de enfermería —xa están pechadas—, que foron remitidas a semana pasada ás áreas sanitarias —aínda que a súa implantación agardará a que remate o período previo ao nadal pola vacinación da gripe ou, nestes momentos, pola terceira dose do coronavirus—.

Tamén xa iniciamos a xuntanza cos grupos de traballo que permitirán definir as axendas de matronas e de odontólogos, e nas vindeiras semanas comezarán tamén as de hixienistas dentais. E antes de finalizar o ano contaremos tamén cos traballos iniciados para as categorías de farmacia e traballo social. Esta implantación das axendas permite así —e así o podemos ver no caso dos médicos— garantir e optimizar o tempo dos profesionais adaptándoo ás necesidades reais das súas consultas. Son medidas organizativas que perseguen mellorar a accesibilidade e abordar mellor a demanda. Así puidemos avanzar cara a ese obxectivo de acadar a finais de ano o 60 % da presencialidade en todas as áreas sanitarias.

Avanzaba tamén en setembro a instrución do TAO, que foi xa remitida ás áreas sanitarias e que se comeza a traballar na súa implantación; unha instrución que busca introducir melloras a nivel asistencial e organizativo. Os pacientes gañan en accesibilidade e son atendidos nun acto único, no que se lles fai o control, se lles renova a pauta de medicación e se lles dá unha nova cita. Neste caso asumen as consultas os profesionais de enfermería —por suposto en coordinación co médico de familia—. Este modelo xa se aplicaba nas áreas de Ourense e Santiago e agora esténdese a toda Galicia.

Outra medida que pretende descargar a axenda dos médicos é a de activar a posibilidade de que os farmacéuticos de atención primaria realicen a renovación —que non prescrición— dos tratamentos crónicos por un período máximo de seis meses cando a cita no seu médico



de familia supere os dous días de demora. E para isto remitiuse hai uns días a instrución correspondente ás áreas sanitarias para a súa aplicación.

Paralelamente tamén iniciamos —e así o avanzou o presidente no debate do estado da Autonomía— a modificación do Decreto de ordenación da atención primaria, co que pretendemos adaptar a normativa á realidade e ás necesidades actuais regulando a organización territorial, a dirección e coordinación dos centros e a coordinación coa hospitalaria, entre outras cuestións. Así, o pasado venres rematou o prazo de achegas.

Ademais, continuamos coa implantación do CRM-100 —xa funcionando en quince centros de saúde—, que ten amosado os seus resultados nos centros en que está funcionando e que está resolvendo o cen por cento das chamadas perdidas no mesmo día nun rango de dúas horas. Este sistema seguirá implantándose en todos os centros de saúde da comunidade.

Por outra banda, xa naquela intervención tamén avanzaba os traballos que se estaban realizando co equipo multidisciplinario para implantar o sistema de Xestión Integral da Demanda en Equipo, o coñecido como XIDE, un sistema multidisciplinario no que os pacientes son os que trasladan unha información e se establece cal é o profesional máis axeitado que o vai tratar. Elimínanse, polo tanto, as citas intermedias e libéranse as axendas. Así mesmo, por suposto, aqueles pacientes que non queiran dar esta información serán remitidos —como non podía ser doutro xeito— directamente ao médico de familia. Polo tanto, este é un enfoque multidisciplinario de cara a contar cunha atención integral, cuestión que vostedes nos demandaron en varias ocasións.

E vostedes ¿que fan mentres tanto? Pois fan isto, señora Prado, fan isto: unha campaña baseada en falsidades de cara aos pacientes, señora Prado. Non os atende un robot, non os vai atender nunca un robot, e vostede sábeo. Aos pacientes aténdenos profesionais perfectamente cualificados, os PSX —dos que, por certo, nestes últimos meses reforzamos en 193 persoas máis das que xa había—. *(Aplausos.)*

Vostedes empregan a atención primaria para alimentar a súa carteira de votos, ou, polo menos, inténtano. Nós seguiremos avanzando en aplicar medidas de cara a esa atención integral multidisciplinaria que queremos que defina a atención primaria do futuro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica da señora Prado.

A señora PRADO CORES: Mire unha cousa, señor conselleiro, eu non lle pido que veña aquí a responder ás críticas do BNG. O que lle demandamos é que veña aquí a poñer solucións, a dar alternativas, a solucionar os problemas. Iso é ao que ten que vir vostede aquí, non a responder ás críticas do BNG. *(Aplausos.)*



E, mire, se o problema fose o alarmismo xerado polo BNG non habería causa, ¿non? Porque aí fóra xa nos gustaría ter nós esa capacidade de mover toda esa xente. E se a cuestión é aumentar a carteira de votos, vostedes téñeno moi fácil: solucionen os problemas e esa carteira de votos irá para o Partido Popular. Non hai absolutamente ningún problema. O que lle pido é que se deixe de demagogia e que se poña a facer o que ten que facer, que é darlles solución aos problemas dos galegos e das galegas e á atención primaria.

E, mire, vostede volve falar da «oitava reunión», do «oitavo plan»... E ¿cando van pasar das reunións, dos plans, das expectativas, a poñer en marcha esas medidas acordadas nesas reunións? Porque xa lle dixeron miles de veces —dixémosllo aquí, dixéronllo os profesionais— que a diagnose está feita, que todo o mundo sabe cales son os problemas e que as alternativas tamén llas puxeron encima da mesa. O que vostedes están facendo é oídos xordos permanentemente a esas medidas, porque non queren solucionar os problemas, porque solucionar os problemas significa non seguir engordando a sanidade privada. A folla de ruta do Partido Popular é engordar a sanidade privada. E eu sinceramente, señor conselleiro, teño que darlle os parabéns, teño que darlle os parabéns porque vostede, desde que foi nomeado conselleiro, ten moi claro o que ten que facer para deteriorar a sanidade pública —fundamentalmente a atención primaria— e facer que a sanidade privada medre máis e máis cada día. Porque os datos están aí, os datos de persoas que contratan seguros privados porque non se ven atendidos na pública, os datos de clínicas que aumentan ou os datos de consultas. Iso non se fai por casualidade, faise polo traballo incansable de auténticos profesionais nesa liña, como é vostede e o conxunto do Partido Popular. *(Aplausos.)* Son uns auténticos profesionais en deteriorar a sanidade pública para engordar a sanidade privada.

E, mire, o que necesita a atención primaria é un apoio decidido e real, non un «iremos facer», senón un apoio decidido e real. Necesita investimentos. E vostedes, lonxe de aumentar os investimentos, o que fan é recortalos. E necesita coidar o persoal, coidar o persoal e aumentar a capacidade de resolución da atención primaria. Ese decreto de ordenación da atención primaria non significa aumentar a súa capacidade de resolución, senón que significa que os problemas que vostedes crearon llelos van botar encima aos profesionais e que eles se autoxestionen para solucionarlos. E os profesionais non son os responsables, os responsables son vostedes, ¡os responsables son vostedes! *(Aplausos.)*

O que necesita a atención primaria é garantir o acceso dos doentes, garantir esa accesibilidade a atención presencial. E non están facendo absolutamente ningunha desas cousas, señor conselleiro. E a atención primaria non pode aumentar aínda máis as desigualdades que existen entre os galegos e as galegas, senón ao contrario, ten que contribuír a solucións. E para iso necesita recursos, recursos e profesionais.

Eu o que lle pido é que abandone a política de costas viradas aos galegos e ás galegas que veñen practicando, a política de costas viradas aos profesionais. escoite esas miles de voces que lle demandan solución. escoite esas miles de voces que lle demandan solución. Hai alternativas que xa llelas presentamos aquí, que llelas teñen dito nese Consello de Atención Primaria e que vostedes non queren escoitar, como introducir novos profesionais en atención primaria. ¿Por que non o fan? ¿Por que non o fan? ¿Por que non introducen psicólogos clínicos, terapeutas ocupacionais, traballadores sociais ou máis farmacéuticos clínicos?



Porque o que non necesita a atención primaria é que os mesmos profesionais lle dean unha voltiña e repartan o traballo, porque non é posible repartir máis o traballo. O que se necesitan son máis profesionais para poder facer o traballo en condicións. E vostedes o único que están facendo é quitárllelo a uns e poñérllelo a outros. Incorporen máis profesionais. É posible. Hainos nas listas de contratación, hainos no paro. ¿Por que non o fan? ¿Por que non fan dunha vez por todas unha contratación digna para que non sigan marchando? Porque hoxe, no 2021, despois de tres anos de poñer vostedes en marcha ese plan para un novo modelo de atención primaria, seguen marchando. Será que non están facendo ben o seu plan. Entón, ¿por que non fan unha contratación digna? ¿Por que non fan un plan de repesca e de retorno dos que están marchando? ¿Por que non poñen en marcha esas cousas, señor conselleiro? ¿Por que non poñen esas medidas que son as que todo o mundo lle está dicindo que son as que hai que poñer en marcha? Esas son as preguntas que nos gustaría que vostede viñera aquí a contestar, porque non son as preguntas que lle fai o BNG, senón as que lle fan os galegos e as galegas e as que lle están facendo os profesionais.

E dicía vostede que non se está vulnerando ningún dereito dos profesionais. ¿Por que non se reúne con eles e lles pregunta se consideran que lles están vulnerando os seus dereitos, se consideran que os están obrigando a traballar por encima do que está acordado, por encima do que son as carteiras? ¿Por que non lles pregunta se consideran que están traballando en condicións de dignidade? Reúnase con eles e que llo expliquen.

En suma, señor conselleiro, a atención primaria —insisto— está facendo de trincheira, pero non vai poder seguir facéndoo indefinidamente. A situación de colapso está aí á volta da esquina e, diante diso, o Partido Popular ten que deixarse de botar balóns fóra, ten que deixar esa política de non escoitar a ninguén e pasar a unha política proactiva de poñer en marcha as medidas de curto prazo que son posibles, de medio e, evidentemente, de longo prazo —que é a formación e demais—. E deixen de botarlles a culpa a outros, porque lle lembro —e con isto remato, señor conselleiro— que Galicia ten competencias exclusivas en materia de sanidade. ¡Exérzaas, exerza esas competencias e deixe de botarlles a culpa a outros, faga o favor! *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da interpelación polo señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora Prado, de verdade que, canto máis a escoito, máis me custa máis distinguir cal é o seu verdadeiro interese e se, ao final, o seu interese é desprestixiar tanto a atención primaria para que realmente iso que di que facemos nós o faga realmente vostede.

Mire, falemos de desviación á privada. En concertos, Galicia agora mesmo —o Sergas— está desviando e colaborando co sector privado por debaixo do que se facía anteriormente. Esta-



mos por debaixo do 5 %, señora Prado. ¡Se vostede mesma o outro día leu un anuncio para ordenar o contrato en Vigo e xa saíu dicindo que duplicabamos o desvío á privada! Non é certo, señora Prado. É o mesmo concurso que tiñamos ata agora, co mesmo importe, exactamente o mesmo. Pero, claro, esta é a súa política.

Fala vostede dos presupostos. Ben, esta é a terceira vez que llo digo, e encantado de volver dicirillo. Mire, os presupostos, desde 2009 a 2022, cambian en 99,7 millóns máis de euros no 2022 para recursos humanos, ¡99,7 millóns máis para recursos humanos! (*Aplausos.*) Hai 6,2 millóns máis para bens correntes e servizos, e 123 millóns menos en receita farmacéutica. Volvemos ao de sempre, vostedes gastaban máis en atención primaria na receita, señora Prado. ¿Volvemos seguir con ese mantra? En persoal, mire, no 2008 había 2.402 médicos en atención primaria, no 2021 hai 2.515 —113 médicos máis, señora Prado—. Vostede pode dicir o que queira pero os datos, por desgraza para vostede, son moi tercos, terquísimos.

Vostede —insisto— fala dos presupostos deste ano, e xa llo expliquei o outro día e volvo explicalo outra vez: no capítulo I medramos un 6 % en atención primaria, señora Prado. Vostede pode dicir que non, que perdemos 2 millóns de euros. ¿En que? ¿En infraestruturas? Ou sexa, por unha banda din que o cemento é o único que fai o PP en atención primaria, e nun ano en que rematamos ciclo construtivo e anunciamos en paralelo a construción de novos centros o que nos critica é que non construímos, que non facemos cemento esta vez. Pois non, señora Prado, esta vez non hai cemento. Haberá o ano que vén e o seguinte. ¿Para que? Para ter uns centros de saúde dignos. Reformamos máis de 90 centros neste período —reformados ou feitos novos— porque cremos que os profesionais e os pacientes teñen dereito a estar nun centro de saúde das características axeitadas e non fóra do centro de saúde, señora Prado —unha cuestión que este goberno nunca promoveu nin nunca impulsou—. As carpas postas nos centros de saúde non son competencia da Xunta de Galicia, son dos concellos, que, ademais de poñer carpas para que os pacientes estean fóra, tamén poñen carpas para esa denominada Plataforma en Defensa da Sanidade Pública, que non sabemos a quen representa pero agora cada vez vemos máis claro que representa ao Bloque e ao PSOE, porque nas iniciativas están copiando vostedes, están pegando nas súas mocións, o que reivindica esta plataforma —da que despois falarei se teño ocasión—. Ben, pois esas carpas que poñen vostedes, para recoller firmas diante dos centros de saúde e que animan a xente a quedar fóra do centro de saúde, a Xunta nunca as propiciou. A Xunta propiciou dende xuño do 2020 que os centros de saúde fosen centros abertos e seguros, e promoveu o uso da atención presencial. É máis, o líder desa plataforma —coa que vostedes agora se simbiotizan—, que resulta que se acaba de xubilar hai uns meses, tiña o cen por cento da súa consulta presencial. Pero ¡a quen queren enganar! A Xunta nunca puxo ningún criterio para non recibir pacientes nos centros de saúde; eran os profesionais. E ese profesional, por exemplo, si que facía o cen por cento de presencialidade. Entón, ¿de quen é a culpa, señora Prado?

Aproveitando para falar de presencialidade, direille que os datos desta mesma semana indican que agora mesmo, grazas ás axendas de calidade que puxemos en marcha, o 60 % das consultas de atención primaria son en formato presencial.

E, bueno, fala vostede da situación, do alarmismo. Voulle dar os datos desta semana tamén. Mire, o 70 % —¡o 70 %!— das citas que se piden en atención primaria no día de hoxe danse



en menos de dous días e o 90 % danse en menos de catro días. ¿De que estamos a falar, señora Prado? Eu non vou negar que haxa algún cupo cuxo médico se acaba de xubilar e que non temos médicos especialistas. Vostede di que as competencias son nosas. Mire, eu, de momento, non vou pedir o MIR galego, non o vou pedir, pero a competencia para formar médicos especialistas non é nosa, é única. O único que lle pedimos ao Ministerio é que os forme ou que nos deixe a nós formar máis médicos especialistas. Acabo de dicir que Galicia presentou esta mesma semana 64 prazas acreditadas máis, e pedímoslle ao Ministerio que as saque na convocatoria deste ano. Iso si que é labor noso, pero o labor do Ministerio é aceptar iso.

Vostede fala de categorías. Claro que incorporamos categorías. É que —vólvolle dicir— son 331 prazas máis no Plan de atención primaria, ¡331, señora Prado!

Fálame de psicólogos clínicos, por suposto; fálame de traballadoras sociais, por suposto. Nesas categorías estamos de acordo. Fala vostede dos PSX. Tamén lle acabo de dicir que hai case 200 PSX máis traballando neste momento. E poñemos unha ferramenta para que os PSX gañen sentido na ordenación dos usos e en diminuír consultas doutros profesionais, e vostede sae coa imaxe do robot. Pero, ¿a que estamos a xogar? ¿Quen desprestixia a quen, señora Prado? *(Aplausos.)*

Fala vostede dos dereitos. Mire, hai esa categoría que incorporamos coas ferramentas que temos e que non ocultamos, xa o discutimos hai unha semana e media e xa o dicía antes na comparecencia de orzamentos. Discutímolos coa Mesa sectorial, ¿como non? E estamos traballando para axustar esa categoría. Esa categoría cremos que realmente é interesante; de feito, neste Parlamento os especialistas que viñeron xa falaban de incorporar a atención ordinaria e a extraordinaria nestas categorías, e estámolo a facer. E estámolo a facer respectando as condicións dos que agora mesmo xa están. Non se está falando de que ningún médico de ordinaria teña que pasarse a esa categoría nin á do PAC; que, por certo, as condicións de traballo dos médicos do PAC están claramente recollidas nos acordos sindicais e non se lle está pedindo a ningunha área sanitaria que faga nin unha hora máis das que están contempladas. Vostede sabe que estamos falando dun rango de entre 150 e 180 horas. Estamos nesa marxe, co cal, non veña falar aquí de escravitude, de obrigar a xente... Non, lea vostede as horas que están pactadas cos sindicatos, simplemente iso.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Remato.

Eu creo que estamos nun momento difícil para a atención primaria, nunca o neguei. Estamos nunha situación complicada debido fundamentalmente a esa falta de especialistas que estamos comentando. Estamos buscando medidas para paliar esa falta de especialistas que dicíamos, e esas medidas pasan por reordenar o traballo, polo traballo multidisciplinar. Dende logo, cremos que ten que ir por aí, usando os documentos que se aprobaron no 2019 e sobre os que a oposición, en teoría, estaba de acordo. Medidas como a xestión da demanda, que vostedes agora critican, están nese documento, señora Prado, onde, cando se fala de potenciar as áreas administrativas dos centros de saúde, se pon como exemplo literalmente:



«Deste xeito, no desenvolvemento desta categoría profesional» —a dos PSX— «focalizábase mellor a xestión do fluxo asistencial, en coordinación co resto do equipo». Isto é o que estamos a facer, señora Prado, non a crear robots.

Polo tanto, o único que lle dicimos ao BNG é que cumpra co que predica. Pensen en Galicia en grande, únanse a desenvolver unha reforma da atención primaria...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...que debe ser un gran acordo de país...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): ...e deixen de pensar en Galicia en pequeno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey e catro deputados/as máis, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de tratamento e xestión de residuos sólidos urbanos

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Bo día, señora conselleira.

Hoxe traemos aquí esta iniciativa porque compartimos unha preocupación existente entre a poboación da comarca da Barbanza sobre o futuro da planta de Lousame e, por ende, o futuro laboral de moitas familias. Entón, vou falarlles hoxe aquí do futuro da planta de tratamento de residuos sólidos urbanos de Lousame.

Gustaríame iniciar a miña intervención lembrando a orixe desta planta, lembrando como unha mancomunidade de concellos iniciou no ano 2003 este proxecto, que pretendía o cumprimento da denominada regra dos tres R —reducir, reutilizar e reciclar—, e como creou, polo tanto, unha planta de proximidade e educou e sensibilizou a súa veciñanza para levar a cabo e cumprir este obxectivo.



Lembro a orixe porque estou convencida de que ten moito que ver co desprestixio que o Goberno do Partido Popular leva anos dirixindo ata este complexo medioambiental. Porque no momento da constitución desta mancomunidade estes tres concellos promotores —Lou-same, Brión e Porto do Son— tiñan alcaldías socialistas. E dende que o señor Feijóo chegou á Xunta no ano 2009 de forma sistemática desbota todos os proxectos e iniciativas que teñan outra cor política ou que veñan de gobernos doutra cor política, sen ter en conta a viabilidade ou o éxito destes proxectos. E podería poñerlles moitísimos exemplos en diferentes áreas das diferentes consellerías.

Pero a pesar destes anos de mala prensa por parte do Goberno do Partido Popular, a realidade foi que esta planta medrou, e na actualidade abarca nove municipios; algúns deles forman parte da mancomunidade e outros están dende fóra, pero teñen derivada a xestión dos seus residuos. Os residuos dun total de case 90.000 persoas xestionanse nesta planta de tratamento no día de hoxe; unha planta que, ademais, dá traballo a 170 familias nunha comarca onde o desenvolvemento industrial —como noutras moitas de Galicia— brilla pola súa ausencia; polo tanto, constitúe un dos motores económicos desta zona, e é unha planta, ademais, que ten uns índices de reciclaxe de moi por riba da media galega.

Se extraemos datos de antes da pandemia —e imos tomar datos de antes da pandemia para ser obxectivos e non ter en conta as circunstancias que poidan alteralos, como pode ser o peche da hostalería ou o confinamento, que se produciu nalgúns meses ou nalgúns municipios determinados—, estes datos din que a planta de Sogama recupera para a reciclaxe 14,9 quilos por habitante ao ano; en cambio, a planta da Barbanza recupera para a reciclaxe 51,1 quilos por habitante ao ano, superando —insisto— con creces a media galega. Polo tanto, está moito máis preto de cumprir os obxectivos do Pemar.

Pero tamén a diferenza en relación co tratamento de residuos é notable, especialmente nos segmentos do papel e cartón, cun 62 %, fronte ao 19 % en Galicia; envases lixeiros, cun 52 % en comparación co 22 % galego; e igualmente en materia orgánica, onde se acrecenta aínda máis, cun 35 % fronte ao 5 % de Sogama.

Señora conselleira, con estes datos parece que vostedes esqueceron o paquete de medidas lexislativas que vén da Directiva marco da Eurocámara do ano 2018; un paquete que contén medidas e obxectivos, ademais, que son xuridicamente vinculantes para todos estes estados membros e que se traducen en acadar en 2025 a reciclaxe do 70 % dos metais ferrosos e residuos de vidro, ou o 65 % dos envases e o 75 % de papel e cartón. E para os residuos municipais o reciclado debe ser, como mínimo, en 2025, un 55 %. Quedan, polo tanto, catro anos para o 2025 e estamos moi lonxe de cumprir estes obxectivos tras anos de desleixo na política de xestión de residuos.

Pero agora o tempo aprema e a actitude que está vostede a ter lémbreme moito a cando na escola estudabas á última hora un exame e logo dicías: «Mamá, é que é moito e non me dá tempo». Se non, non nos explicariamos estas manifestacións públicas na prensa que di vostede como «a Xunta de Galicia advirte á Fegamp de que o proxecto da Lei básica estatal en materia de residuos fixa criterios materialmente inabordables». Ou o pasado mes de xuño, cando di vostede: «A conselleira de Medio Ambiente asegura que, se a obriga de implantar



a recollida separada de materia orgánica nos municipios de máis de 5.000 habitantes se adianta ata finais de 2021, os concellos non terán a onde levar estes residuos». Pois voulle responder igual que facía comigo a miña nai: «¡Filla, empezaras antes!. Deixas todo para o final e isto é o que pasa». (Aplausos.)

Temos un plan de residuos urbanos en Galicia dos anos 2016-2022 cuxa vixencia remata o último ano, e non temos cumprido nin o primeiro dos obxectivos. ¿Cal é, entón, a realidade da Estratexia galega en materia de residuos? Porque aquí vemos que non hai rumbo. Temos un modelo, como o da Barbanza —como o que viñemos hoxe poñer en valor—, que ten unha veciñanza sensibilizada e que ten uns datos que melloran, ademais, notablemente a media galega. Pero vostedes non son quen de apoialo, senón que o torpedean dende fóra con mensaxes confusas cara á cidadanía sobre a súa viabilidade, pero tamén o torpedean dende dentro —como sabemos—, e, se non, tamén vou lembrarllo hoxe aquí. A presidencia desta mancomunidade de xestión da planta correspóndelle un ano a cada concello de maneira aleatoria. Pois ben, durante estes últimos anos —e coincidindo na presidencia coas alcaldías do Partido Popular— o desleixo da xestión foi total. E non cremos que isto fora por unha decisión unilateral do alcalde ou alcaldesa de turno, senón porque respondían a ordes de arriba. ¿Por que? Porque a vostedes todo o que non estea dentro do modelo Sogama non lles vale, aínda que os datos o referenden.

Venden unha aposta polas plantas de proximidade. Neste Plan de residuos urbanos, falaban vostedes e puñan en valor estas plantas de proximidade, e agora fan alarde disto coa construción de tres novas plantas de biorresiduos, como a de Cervo, Verín e Vilanova de Arousa. Pero, entón, ¿por que non apostan pola planta de Lousame, por exemplo, que está demostrado que funciona? ¿Por que o Partido Popular non lles require aos seus alcaldes dos concellos membros natos desta mancomunidade que aposten firmemente pola planta de Lousame? ¿Que clase de dirixentes políticos deixan esmorecer unha planta de xestión de residuos nunha comarca cun alto índice de desemprego, como é a comarca da Barbanza? (Aplausos.) Señora conselleira, ¿van colaborar no futuro nesta planta? ¿Que outros intereses hai para que non se leve a cabo? A Xunta ten que colaborar con esta planta, ten que garantir que máis aló de 2023 esta planta siga funcionando para manter estes postos de traballo —como dicía— na comarca da Barbanza.

Independentemente de que vostedes aposten por este modelo de xestión, de separar e de reciclaxe separada no inicio e de separación posterior, tamén temos unha oportunidade importante coa chegada de moitos fondos europeos para incluso poder transformar este modelo de xestión, colaborar a Xunta e así poder garantir o mantemento, como dicía —insisto—, destes postos de traballo.

E, polo de agora, máis nada. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Resposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ánxeles Vázquez Mejuto.



A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Moitas grazas, presidente.

Señora Castro, a verdade é que me preocupa, e moito, a súa intervención. Se vén facer política, hai que aceptalo todo, (*Murmurios.*) pero se lle interesa un pouco Galicia, se lle interesa a Barbanza e se lle interesan os seus empregados, isto é lamentable.

Señora Castro, levamos unha década aplicando o Plan de xestión de residuos urbanos; é a folla de ruta que temos marcada: no ano 2010, aprobouse; no ano 2011, implantouse; e no ano 2016 reformulouse debido ás distintas directivas europeas. E este plan está aprobado ata o ano 2022.

Este é un plan no cal o noso obxectivo é estar a carón dos concellos, que son os que teñen a potestade en residuos urbanos. Polo tanto, había que facer unha serie de investimentos, que nestes dez anos alcanzaron os 90 millóns de euros. Actuamos en todos os aspectos para conseguir que a xestión fose máis moderna e eficiente, e actuamos en toda Galicia e para todos os concellos. Nós non falamos de plantas, de cores..., porque é ilóxico, temos que falar de cidadáns.

Pero non quixemos quedar aí e, polo tanto, deseñamos a Lei de residuos e solos contaminados —por certo, estamos agardando aínda a esa lei que vostede un día anunciou no Parlamento, hai uns cantos meses, e que non son quen de sacar por parte do Goberno central para adiante—. A nosa lei centrábase en dous eidos fundamentais —e séguese centrando—: na redución dos plásticos e tamén no desperdicio alimentario. Non quedamos aí e, entón, imos máis alá, e acabamos de aprobar a Estratexia de biorresiduos e residuos municipais para o ano 2022-2023, cunha inxección orzamentaria de 60 millóns de euros; 60 millóns de euros en dous anos. Analizamos concello por concello, vemos as debilidades e, en función diso, actuamos unha vez máis —dígolle— sen ver esa cor política que ve vostede en función de se nunha planta gobernan uns ou outros, de se hai máis concellos dunha cor ou doutra ou de quen a preside. Incluso nos culpa a nós de se algún alcalde di que non quere a presidencia. ¡Incríble!

E agora, efectivamente, estamos dando outro paso máis, e ese paso é a construción de tres novas plantas de biorresiduos e a construción e a adaptación ás exixencias, coas mellores técnicas dispoñibles, dun total de trece plantas de transferencia.

O resultado de toda esta estratexia é o seguinte: ningún concello pode estar a máis de 50 quilómetros dunha planta de transferencia ou de biorresiduos. Obxectivo: menos emisións de CO2 e aforro económico.

A previsión é que esta infraestrutura estea en funcionamento a finais do ano 2022. Nós non imos con atraso, nós anticipámonos; é que nós temos lei e o Goberno central nin sequera ten a lei. ¿E sabe o que supón que non teña lei o Goberno central? Pois supón que o Reino de España esteamos mirados por Europa para ser sancionados. ¿E sabe que ocorre con esas sancións? Que se reparten. E nós non estamos de acordo nin imos permitir que Galicia sexa sancionada porque o Goberno central non teña unha lei e, polo tanto, non teña unha estratexia para alcanzar os propósitos que marca Europa. (*Aplausos.*)



A Xunta está de lado dos concellos, señora Castro, está de lado dos cidadáns, apoiando e dándolles facilidades a todos, ¡a todos!; algo que contrasta coa actuación do Goberno central, que quere marcar uns prazos, pero uns prazos sen ter unha lei. ¿E sabe cales son eses prazos? Que os concellos de máis de 5.000 habitantes teñen que ter implantado o quinto contedor en xaneiro do ano 2022. ¿Quéreme dicir vostede como o van facer? ¿Falou acaso vostede cos concellos onde gobernan para ver se son capaces de facelo ou non? Eu creo que debería vostede darlles unha chamadaña ou dar un paseo por Galicia e ver a situación dos concellos, que son eles, ¡eh!, non é a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia axuda, pero quen ten que reformular os seus contratos para facer a recollida separada son os concellos, non é a Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia está poñendo as plantas de biorresiduos en marcha e vai chegar ao ano 2023. E os concellos, segundo a lei galega, teñen a obrigaición de implantar ese contedor márrón a finais do ano 2023. Pero, bueno, se vostedes seguen insistindo en que ten que ser en xaneiro do ano 2022, tal e como di o anteproxecto de lei e despois, por riba, perdémonos porque o presidente da Fegamp di que ten que aplaudir o Goberno central porque atrasa seis meses a súa implantación... Eu creo que deberían falar vostedes un pouquiño máis, sobre todo, se lles queren trasladar información aos seus.

Efectivamente que Galicia ten o modelo Sogama; o modelo Sogama tívoo cando gobernaban vostedes e cando gobernamos nós, pero cunha diferenza, que agora ese modelo é unha xestión máis moderna e unha xestión máis eficaz, avalada por Europa, avalada por todas as auditorías, pero tamén por todos aqueles, incluídos os do seu signo político, que veñen ver Sogama para implantalo en deputacións gobernadas polo PSOE e recibidas polo que agora vai liderar o PSOE, que é o presidente da Deputación da Coruña.

Dito isto, nós o que queremos é un sistema sostible para Galicia, sostible economicamente e sostible desde o punto de vista tamén medioambiental.

Polo tanto, no ano 2022 nós o que imos facer é garantir o canon máis baixo de toda España. Ese canon máis baixo supón unha rebaixa do 5 %, pero se por enriba cumpren e lles trasladan esa rebaixa fiscal aos cidadáns, rebaixamos un 10 %, e non imos subir o IPC; co cal, resultado: un 19 % menos para as arcas municipais e tamén para os cidadáns. E iso contraponse e moito co que pretende o Goberno central, que quere un novo imposto, e ese imposto é ata 40 euros/tonelada para os residuos que vaian para un vertedoiro. Aí deberíamos de entrar, porque sabe vostede cal é a nosa preocupación, e é unha preocupación que trasladamos —así llo dirían tamén os seus alcaldes—, a través dunha carta ao presidente da Mancomunidade do Barbanza, a todos os concellos que forman parte desa mancomunidade, porque a Barbanza leva o 66,1 % de residuos ao vertedoiro. ¿Quéreme dicir quen vai pagar todo isto se non fan unha reestruturación desa planta, se non opta a mancomunidade por facela, se non o plantexa a empresa? ¿Están vostedes de acordo con que aos cidadáns da Barbanza se lles triplique ou cuadruple o recibo do lixo, e ademais que sexa inviable desde o punto de vista económico para seguir sostendo os cidadáns? Se quere vostede estar a carón dos empregados da Barbanza, o que tiña é que apoiar iniciativas, e nós estamos polo labor de apoiar iniciativas, pero sempre co cumprimento estrito da lei.



Polo tanto, eu quedo co modelo de Galicia. É un modelo único, aínda que son compatibles todos os modelos, por suposto, co cumprimento da lei. E ese modelo, o de Galicia, é o que pensa nos cidadáns, pensa tamén nos concellos e baixa o canon para poder axudar nun momento de recuperación económica.

Eu non lle compro o modelo do Goberno central, que é un modelo de máis impostos para todos os galegos e de máis trabas para os concellos, pero de máis trabas tamén para plantas como é o caso da da Barbanza. Que, por certo, nesa carta tamén lle enviabamos a interpretación que fai o Goberno central de como se ten que facer a recollida de residuos.

Polo tanto, nós damos marxe ata o ano 2023, ata decembro do ano 2023, para que os concellos implanten o contedor marrón. E xunto co contedor marrón, temos que implantar o contedor de téxtil e o contedor de aceite usado.

Pídolles, ademais, que recapaciten e sigan o exemplo da Xunta de Galicia. Se queren facer política, fágana, pero non veñan ao Parlamento a... *(Murmurios.)* Non veñan vostedes ao Parlamento a enganar. E aos señores do BNG tamén lles pido desde esta tribuna que non enganen, porque é que consta todo en acta, e deberíansenos caer a cara de vergonza. Entón, fagan outro tipo de política, pero aquí sexan minimamente serios. *(Aplausos.)*

Nós seguimos avanzando, facémolo con feitos, e eses feitos son que Galicia estivo presente na COP e durante a fin de semana asinou a coalición Under2. Con esa sinatura asumimos uns retos, que son implementar en Galicia todas as actuacións e medidas, pero non só como un compromiso, senón tamén recollidos nunha lei, que é a Lei do clima. E, polo tanto, queremos estar ao lado das rexións, deses 260 gobernos que queren liderar esa aposta por frear o cambio climático.

Así é como imos continuar traballando para reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro e para manter por debaixo do 2 % a media do incremento da temperatura, e incluso imos máis alá, do 1,5 %. Desde Galicia asumimos tamén retos que non deixan de ser complicados, pero que entre todos imos conseguir, que son a redución de gases de efecto invernadoiro polo menos nun 55 % no ano 2030 e...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): ...adaptar e promover para continuar no ano 2050 con esa emisión cero de gases e de CO2.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.



Grazas, señora conselleira, tamén por deixarme vir aquí facer política. *(Aplausos.)*

Mire, espero que vostede tamén tivera unha boa viaxe e unha boa estancia na Cumbre da COP26. O representante de Ecoloxistas en Acción di que a súa intervención foi esperpéntica. Non sei se falou alí tamén da Declaración de emerxencia climática, que se aprobou no debate autonómico do ano 2019 e que volvemos aprobar onte, porque aínda non está aplicada. Non sei se contou isto tamén na Cumbre da COP.

Señora conselleira, vostede falou de que lle faltou... Falou vostede primeiro do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, facendo unha cronoloxía. Di que no ano 2010 se aprobou e que se renovou e se adaptou á normativa estatal do Pemar, como xa sabemos, no ano 2016. Pero faltoulle dicir unha cousa, faltoulle dicir que no ano 2021 non se cumpriu nin o primeiro dos obxectivos establecidos nese Plan de xestión de residuos. E voulle dar un exemplo. Nese Plan de residuos no ano 2020 dicían que a cantidade destinada á reutilización e reciclaxe tiña que ser en Galicia de 245.261 toneladas/ano, ou sexa, un 30 %, e en 2019 era de 137.950 toneladas/ano. Polo tanto, un 15 %, a metade, a un ano de cumprimento do obxectivo. *(Aplausos.)*

Vostede di, señora conselleira, que está ao lado dos concellos. ¿Está vostede ao lado dos concellos da Barbanza? Porque a actitude non o reflicte moito.

Mire, vou contarlle e vou lembrarlle, porque non sei se se decata —porque non sei se sería vostede ou a súa directora xeral, pero si que saíu da súa consellería—, unha cuestión que me parece moi importante, denunciada, ademais, nesta Cámara, en relación coa actitude que ten e que tivo sempre a Xunta de Galicia de desprestixio desta planta. E trátase dun episodio moi serio de manipulación informativa acontecido hai uns meses, en concreto o 10 de marzo deste ano, onde vostedes trasladaban aos medios unha noticia totalmente terxiversada, cunha intencionalidade clara de minar a imaxe pública desta planta.

Miren, a Unión Europea aprobaba unhas axudas específicas no marco dun programa denominado InvestEU, que pretende fomentar e subvencionar o investimento de proxectos de pemes, infraestruturas sostibles e proxectos I+D, descartando nas bases destas axudas concretas da Unión Europea as entidades como as plantas TMB ou entidades que eliminasen vertidos en vertedoiro, como pode ser tamén, como todos sabemos, Sogama, pero coa excepción de que estes investimentos fosen dirixidos a acondicionar as plantas e a mellorar a reciclaxe de residuos. Esta é a noticia real. Agora voulle dicir a noticia que saíu de forma maquiavélica na prensa galega e que vostedes utilizaron para mentir. A noticia di: «A Unión Europea non vai financiar as plantas TMB e defende o modelo Sogama como modelo de futuro». Isto é o que saíu na prensa. O anterior era a realidade. Non pensan vostedes nin un intre no prexuízo que estas falsas declaracións podían implicar nunha comarca como a da Barbanza e para moitas familias nas que a súa planta é o seu medio de vida. Foi noxento e ruín. *(Aplausos.)*

No PSdeG sempre apostamos dende un inicio por esta planta e imos poñer en valor non só estes postos de traballo que ten esta comarca, que se producen nesta comarca grazas a esta planta, senón tamén a maior sostibilidade que supón a reciclaxe de proximidade. Como xa



lle dixen, a presidencia desta mancomunidade é rotatoria. Os alcaldes e alcaldesas dos concellos que forman parte dela a presiden por un período dun ano, e o pasado 31 de agosto pasou a formar parte dela o alcalde de Carnota, alcalde socialista. Pois ben, coincidindo con este mandato, os representantes do Partido Socialista, do PSdeG e dos concellos membros desta Mancomunidade da Barbanza mantiveron unha xuntanza en Carnota e mantiveron o acordo de marcar unha folla de ruta de traballo sobre os asuntos que máis lle preocupaban, especialmente o mantemento desta planta despois de 2023.

Eu pídolle a vostede, señora conselleira, que non perda a oportunidade que temos co Plan de recuperación, transformación e resiliencia que se transferirá e que conta cunha liña orientada á xestión de residuos municipais en liña coas prioridades que marca a Comisión Europea para acadar estes obxectivos dos que falabamos. Colaboren vostedes coa reestruturación. Se están a crear novas plantas, ¿por que non aproveitan unha planta que xa existe? Para cumprir estes obxectivos europeos vostede dixo que Sogama non chega, e por iso a necesidade de aumentar a capacidade de valorización orgánica mediante a implantación destas plantas que están a construír. Pero, ¿por que non coa conversión das depuradoras biolóxicas mecánicas, esas plantas TMB, como a de Lousame, para que estas poidan recibir e valorizar os biorresiduos recollidos selectivamente? ¿Por que non transformar e axudar a transformar estas plantas para poder seguir mantendo os postos de traballo nunha comarca como é a da Barbanza? Iso é o que hoxe lle propoñemos, que posibiliten esa adaptación tecnolóxica e así vetaremos que esta planta, por exemplo, estea dentro duns anos sobredimensionada. Pedimos que o Goberno da Xunta colabore na permanencia desta planta e cofinancie a adaptación ou a súa reconversión, introducindo novas depuradoras biolóxicas de fracción orgánica recollidas selectivamente e axudando a que esta planta saia, poida saír, adiante. Así garantiremos a permanencia destes postos de traballo.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o peche da interpelación, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, presidente.

Señora Castro, preguntábame vostede que foi o que dixen eu en Glasgow. A realidade, porque quen nos audita é Europa e, polo tanto, os números cantan. E, en función diso, aí están os resultados. ¿E sabe que contei en Europa? Que no ano 2019 Galicia diminuíu un 23,8 % as emisións de CO₂. *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben)* ¿E sabe lle que lle contei a Europa? Que en España se incrementaron un 8 %. ¿Parécelle ben, mal, señor Arangüena? ¿Ten algún problema cos datos e quere rebatelos vostede nalgún momento? Iso foi o que rebatín e o que dixen eu en Europa.

Por outro lado, en ningún momento, señora Castro, atacamos o modelo Barbanza, o único que dicimos é que todos os modelos teñen que cumprir, e este é un máis. Estamos preocu-



pados, e estamos preocupados porque, imaxine, o seu goberno en Madrid quere poñer un imposto á tonelada que vai a un vertedoiro, e ese imposto é de 40 euros, e da planta de Barbanza vai o 66 % do vertedoiro, señora Castro. ¿Quéreme dicir como van asumir ese custo? Algo hai que facer ao respecto, e iso é o que lle trasladamos ao presidente da mancomunidade por carta; algo que non dixen publicamente, pero ao que lle respondo a vostede aquí. É dicir, non facemos política coa parte técnica, porque intentamos que se solventen os problemas da mellor maneira. E poñemos á disposición a dirección xeral para que así sexa, para que poidan facer un plantexamento, para que digan cal vai ser o futuro e para que marquen os tempos. Esa é a realidade e non outra.

Polo tanto, o que pretendemos é un plan de adecuación ao estipulado en materia de xestión de residuos no ámbito comunitario, e procurar un emprego de calidade para os seus traballadores. Iso é o que facemos dende a Xunta de Galicia, non facemos outra cousa. Trasládouselle, como ben dixen, ao presidente da mancomunidade, que non respondeu, e trasladámoslle a posteriori ao resto dos alcaldes para que tiveran coñecemento do que estaba ocorrendo, coa nota interpretativa do Ministerio. Nós aquí non interpretamos nada, interpretao o seu goberno en Madrid, a ministra de Transición Ecolóxica, e iso foi o que lle trasladamos.

Polo tanto, os modelos son todos alternativos sempre e cando cumpran, e ese cumprimento é que hai que implantar o contedor marrón e que hai que facer a separativa dende o inicio. E, eu ademais, hoxe dígolles a todos os deputados que se sumen á campaña do contedor marrón: «O marrón, o contedor que devolve a vida». Efectivamente, devolve a vida aos residuos, pero devolver a vida aos residuos tamén supón xestionar eses residuos, e tócalles aos concellos. Aí é onde imos estar.

Polo tanto, refréscolles unha vez a memoria porque non lles gusta que lles dea datos, nin tampouco que lles diga que é o que se aproba, pero é que nós estamos para iso, para dar datos, para axudar os concellos e tamén a cidadanía. E os datos son: aprobamos o Plan de xestión de residuos no ano 2010; impulsamos no ano 2019 a Estratexia de cambio climático e enerxía, que inclúe esta o Plan rexional integrado de enerxía e clima 2019-2023. Son 170 medidas, e 1.250 millóns de euros. Demos luz verde á Estratexia de economía circular; promovemos e coordinamos a adhesión dos concellos galegos ao Pacto de alcaldes polo clima e a enerxía, que son un total de 270. Eu dende aquí, ademais, quero felicitar o de Vilamarín, que foi o primeiro, ademais, que acaba de asinar o pacto cun novo compromiso, que é a neutralidade climática no ano 2050. É o primeiro de Galicia e o sétimo de toda España. Aprobamos no ano 2021 a Lei de residuos e solos contaminados. Estamos agardando a que se poñan todos vostedes de acordo alá en Madrid para que saia a lei básica estatal, da cal carecemos agora mesmo. Puxemos en marcha a Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais 2022-2023, con 60 millóns de euros, e celebramos o 20º aniversario de SIGRE. Tamén creo que nos temos que congratular porque, xunto con Navarra, somos líderes á hora de reciclar medicamentos, envases de medicamentos, e todos deberíamos de promocionar que así se fixese. Fíxémolo en Ourense, que foi pioneiro, e, polo tanto, alí tiñamos que seguir celebrándoo.

Estamos impulsando a Alianza Climática Galega. Onte mesmo nos reuniamos co Clúster de solucións ambientais e economía circular, porque temos que ir todos da man. No ano 2022



comezaremos a desenvolver a Lei do clima de Galicia, e hai só tres días asinabamos ese memorando de Entendemento Under2 2021 co que Galicia asume o reto de implantar de forma coordinada as medidas e actuacións necesarias para limitar o quecemento global. Facémolo con 260 gobernos a nivel mundial, que supón 1,7 billóns de persoas, e o 50 % da economía mundial. Somos a sexta comunidade, xunto con Andalucía, País Vasco, Cataluña, Navarra e tamén Madrid, que son sinatarias deste memorando. Fixémolo porque consideramos que Galicia debe estar aí, debe seguir sumando iniciativas para mellorar o futuro dos galegos e das galegas, e facémolo sen mirar comarcas, sen mirar siglas nin mirar cores; facémolo pensando en Galicia e en todos os galegos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D. Juan Carlos Francisco Rivera e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego respecto dos índices de pobreza existentes en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: Bo día, a todos.

Grazas, presidente.

Señor conselleiro, bo día.

Esta é unha iniciativa —efectivamente, unha interpelación ao Goberno— que ten que ver coa desigualdade, coa desigualdade de rendas salariais, coa desigualdade que implica que neste país cada día haxa máis índices preocupantes de pobreza severa, coa desigualdade de rendas entre homes e mulleres que traballan neste país. En definitiva, é unha iniciativa que ten que ver tamén coa política económica do Goberno en relación coa corrección das desigualdades que hai neste país e co intento de conseguir unha maior cohesión económico-social e territorial, que é, dende logo, o que nós pretendemos con este tipo de iniciativas. Nun momento, ademais, onde se están tramitando os orzamentos da Xunta. Efectivamente, uns orzamentos importantes, expansivos, cunha capacidade de ata 11.627 millóns de euros; uns orzamentos que, lonxe da propaganda de que son os máis altos da historia, incorporan fondos extraordinarios de xeito excepcional, posto que se aportan achegas do Mecanismo de recuperación e resiliencia, 507 millóns, do Estado, 617 millóns, e mesmamente 800 millóns de fondos europeos que non foron executados ao longo do período 2014-2020 e que novamente se incorporan neste orzamento.



Dicía hoxe o señor Núñez Feijóo que Galicia —na súa réplica, nunha das preguntas dos portavoces da oposición— estaba 14 puntos por encima da media do Estado na execución dos fondos Feder. Eu téñolle que dicir que nos fondos Feder, no que atinxe a I+D+i, Galicia está na cola de España. Non é certo, polo tanto, ese dato global que o señor Feijóo hoxe daba aquí en relación coa execución dos fondos Feder.

En todo caso, 800 millóns de euros que se incorporan novamente ao orzamento; polo tanto, un orzamento expansivo e con capacidade de gasto. E, diante diso, o orzamento ten que dar respostas ás prioridades da xente, do conxunto da cidadanía, e tentar corrixir as eivas que ten a cidadanía galega neste momento, que van camiño do aumento da desigualdade, como marcan os informes que logo lles vou relatar, e que van camiño de que neste país haxa dúas Galicia, unha que avanza, aínda que sexa lentamente, e unha Galicia que queda rezagada e, polo tanto, na que se rompe o principio de cohesión económico e social que debe, lóxicamente, ser o obxectivo deste goberno.

Recentes estudos económicos, despois da pandemia, despois de dezaioito meses de pandemia, reflicten, cando menos, tres fendas importantes en Galicia. A primeira fenda revela un empeoramento da distribución das rendas como consecuencia das prolongadas perdas de salarios. Isto ten que ver, efectivamente, coa pandemia. Pero xa nunha época prepandemia, no ano 2019, se viña atisbando esta perda, este empeoramento da distribución das rendas. Segundo o índice de Gini, que é un índice que mide, entre outras cuestións, a desigualdade salarial, en Galicia aumentou 1,5 puntos; é dicir, que é unha das comunidades de España onde máis aumenta a desigualdade e o empeoramento de rendas. A primeira derivada desta cuestión, lóxicamente, ten que ver con que os salarios máis baixos perden capacidade de gasto e a segunda derivada ten que ver con que a diferenza entre ricos e pobres aumenta, tal e como manifesta Oxfam nun informe que vostede probablemente coñeza.

A segunda fenda afecta directamente o sistema educativo, posto que en Galicia, lonxe de garantir a igualdade de oportunidades, o que subliñan son novos índices de desigualdade, e os orzamentos da Xunta do ano 2022 reflicten esta situación. Pérdense 800 docentes en relación co ano 2020, que pode ter explicación, porque no ano 2020, coa pandemia, se reforzou o sistema educativo, pero é que se comparamos, se facemos a comparativa en relación co ano 2009, vemos que en Galicia existen 1.439 docentes menos que no curso 2000. No ano 2009 había 1.439 docentes máis que no curso 2019-2020.

E a terceira fenda ten que ver coas políticas fiscais da Xunta. Hoxe aquí, no Parlamento de Galicia, o señor Feijóo falou de fiscalidade, e eu digo que a fiscalidade da Xunta e os beneficios, as bonificacións fiscais que introduce a Xunta de Galicia nos orzamentos, lonxe de afondar na equidade, na progresividade fiscal, o que fan é privilexiar as rendas altas, porque as bonificacións que se introducen no IRPF, lonxe do que dixo hoxe o señor Núñez Feijóo, que dixo que beneficiaban, que cada galego se ía beneficiar dun aforro na renda, no IRPF, de 40 euros, son un dato falso, posto que esa bonificación só vai afectar as bases liquidables máis altas; é dicir, aquelas bases liquidables a 60.000 euros. Porque a bonificación fiscal contemplada nos orzamentos para unha base liquidable de ata 20.000 euros —que é a da maioría das rendas, lamentablemente, que hai neste país— non supera os 12 euros neste caso.



Polo tanto, en fin, a política fiscal do Partido Popular, loxicamente, beneficia as rendas máis altas, non só nas rendas senón no imposto do patrimonio, onde introducen bonificacións na cota a pesar de que xa hai un límite exento de 700.000 euros nese imposto ou ben no imposto de sucesións, que ten un límite exento dun millón de euros e que, loxicamente, beneficia os patrimonios máis altos.

Ligado a todo isto, efectivamente, atopámonos con que en Galicia hai unha situación reflectida no Informe do estado da pobreza que é realmente preocupante. Coñecemos hai uns días —polo menos saía publicado en outubro do 2021— un informe no que se reflicte que en Galicia hai 694.367 galegos e galegas —o 25 % da poboación— que están en risco de pobreza, 38.389 máis que no ano 2019 e 2,7 puntos máis que no ano 2018. Tamén reflicte ese informe que a pobreza se feminiza, é dicir, que aumenta a pobreza con máis impacto en relación coas mulleres deste país que en relación cos homes. Pero non é unha cuestión que teña que ver cos efectos da pandemia, senón que isto xa ten efectos prepandemia ou que se están producindo dende anos anteriores á pandemia.

Pero se falamos de pobreza severa, vemos que en Galicia hai 254.000 persoas afectadas, o 9,4 % da poboación; é dicir, galegos e galegas que non ingresan máis de 535 euros por persoa, e, no caso dun matrimonio con dous fillos, 1.120 euros aproximadamente. Polo tanto, son unhas taxas preocupantes porque afectan o 9,4 % poboación. E se falamos de pobreza relativa, por primeira vez desde o ano 2009 Galicia supera a media estatal, e temos 2,1 puntos máis de taxa de pobreza relativa, o 22,1 % da poboación galega máis que no ano 2019; é dicir, 598.000 galegos que non ganan máis de 802 euros. Polo tanto, son indicadores preocupantes que exixen unha reacción política, con políticas económicas, políticas de cohesión, políticas de vivenda... Porque un dos indicadores fundamentais da exclusión social ten que ver, precisamente, coa dificultade de acceso á vivenda que teñen moitísimos cidadáns deste país ou co feito de que 61.400 fogares en Galicia sexan absolutamente inseguros ou estean en risco de inseguridade, independentemente xa da dificultade que teñen os mozos e mozas deste país de acceder a unha vivenda mesmamente en alugueiro. Como vostede perfectamente sabe —datos reveladores—, na franxa de idade de 15 a 35 anos, o 60 % vive aínda cos seus pais na súa casa. Por tanto, hai unha dificultade de emancipación que ten que ver coa incapacidade de conseguir emprego e coa incapacidade de ter unha renda salarial que lles permita afrontar os gastos da vivenda; en definitiva, unha situación preocupante.

E a esta situación hai que engadirlle que Galicia é un país envellecido e, polo tanto, con moitos pensionistas, onde as pensións son as segundas máis baixas de España e, por tanto, onde o 52,8 % das pensións que se perciben en Galicia están por debaixo do umbral da pobreza; é dicir, 404.000 galegos de máis de 65 anos están por debaixo do umbral da pobreza na percepción das súas pensións; pobreza que é moito máis elevada e severa para o 22,1 % da poboación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: E, efectivamente, as pensións medias son moi baixas. As pensións en Galicia están por debaixo da media de España, pero é que Galicia tamén é asimétrica, e, se collemos as pensións da Coruña, vemos que non teñen nada que ver coas pensións de



Ourense, que estas si son as máis baixas de España de lonxe, cunha media de 695 euros; 623 euros para as mulleres e 695 para os homes.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: Bueno, con estes datos, señora conselleira, nós plantexámoslle aquí unha serie de preguntas que teñen que ver coa resposta do Goberno...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...diante dunha situación que a nós nos parece bastante preocupante.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Francisco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, señor Rivera, moi bos días a todos.

A primeira reacción do ser humano ante sucesos descoñecidos que mesmo poñen en perigo a súa propia integridade é protexerse a si mesmo e ás súas persoas queridas. É unha reacción involuntaria e innata que se descobre ante situacións extremas, como a vivida recentemente coa covid-19. Neste contexto, o noso primeiro cometido como administración foi achegar todas as ferramentas que estaban ao noso alcance para posibilitar esa protección, custase o que custase. Ningunha persoa en ningún momento dubidou de que iso fose o prioritario e de fose o que tiñamos que facer.

Por sorte, nos últimos meses, a vacina permitiunos cambiar a perspectiva e situar de novo a economía entre as nosas principais preocupacións. É innegable o efecto social que deixou tras de si esta pandemia. Abonda con camiñar por unha cidade, por unha vila ou por un pobo galego para coñecer a historia de centos de persoas que tiveron que pechar os seus negocios e facer tamén enormes esforzos por reabrir. O Goberno galego non mirou cara a outro lado e procurou atender as súas necesidades a través dos mellores aliados posibles, como son as entidades sociais de Galicia. E fixémoslo, ademais, de forma inmediata, xa que aprobamos a maior orde de axudas a entidades sociais da historia de Galicia, dotada con 17,8 millóns de euros. Impulsamos tamén unha medida pioneira, novidosa e de referencia a nivel nacional, como foi a Tarxeta Básica; unha axuda que, por certo, aínda está en vigor e que nos permite atender as necesidades básicas de alimentación, de hixiene e de farmacia de milleiros de familias e de persoas en toda Galicia. Unha axuda moderna que non estigmatiza o usuario,



senón que vai mercar cunha tarxeta, como calquera de nós, e coa que levamos atendidos xa máis de 56.000 galegos e galegas. E ademais levamos investidos nesta medida e nesta Tarxeta Básica 31,5 millóns de euros. O seu papel foi fundamental para atender as necesidades urxentes das persoas que dun día para outro viron reducidos os seus ingresos á metade. E, como sabemos, tamén segue a ser necesaria, e por iso incluimos 6 millóns de euros nestes orzamentos do ano 2022 para o seu mantemento.

Señorías, estas primeiras pinceladas da pandemia comezan xa a quedar atrás, por fortuna. Galicia está logrando que cada vez haxa menos fogares que o estean a pasar mal, pero non o digo só eu, senón que tamén hai datos que así o avalan. Os datos estatísticos relativos ao ano 2020 revélanos que as familias galegas resistiron mellor a crise que as do resto de España. A taxa Arope, que mide o risco de pobreza e de exclusión social, sitúa a Galicia por debaixo da media estatal, un 25,7 % fronte a un 26,4 % a nivel nacional. E a taxa de carencia material severa, que é a que máis comunmente identificamos por pobreza, sitúase case dous puntos por debaixo que a media estatal; un 5,2 % fronte ao 7 % de media estatal.

A orixe destes datos está nun tecido laboral que logrou resistir mellor que noutras partes de España. E así o revela a enquisa de poboación activa correspondente ao terceiro trimestre do ano 2021. Galicia é a quinta comunidade con menor taxa de paro, un 10,23 %. Tamén sabemos que non podemos darnos por satisfeitos e que aínda queda moito camiño por avanzar, pero tan importante é ser coñecedores desta evidencia como saber cara a onde queremos continuar avanzando. O reto ao que se enfrontaron os servizos sociais de Galicia pasa principalmente por unha reformulación e pola súa ordenación.

Coincidirá comigo, señor Rivera, en que a aprobación do ingreso mínimo vital supuxo un antes e un despois nas prestacións de carácter social a nivel nacional. As comunidades autónomas que non temos a sorte de poder xestionar o ingreso mínimo vital tivemos e temos que adaptarnos e reorientar as nosas propias axudas. Quizais vostede, señor Rivera, nalgún momento me poida dicir por que o Goberno central lle permite ao País Vasco e a Navarra xestionar o ingreso mínimo vital, pero a Galicia nos di día tras día e tras día que non.

Entón, o reto ao que nos enfrontamos neste ano 2022 é tramitar a nova Lei de inclusión social de Galicia para que nos permita crear unha carteira renovada de servizos sociais máis moderna, pero tamén máis parecida ás necesidades dos nosos veciños. Entre as medidas que pretendemos incluír nesta nova lei atópase a redución do tempo de papelame na tramitación de calquera tipo de axuda destinada a protexer as familias galegas, a compatibilización en determinados casos dos ingresos procedentes do traballo cos da axuda e tamén a reformulación da renda de inclusión social de Galicia. A risga debe de ser quen de chegar a onde non chega o ingreso mínimo vital, de suplir as súas eivas e de procurar que todo o mundo que precise unha prestación de primeira necesidade poida obtela coa máxima axilidade; cousa que non está a pasar co ingreso mínimo vital. As persoas e as familias de Galicia que necesitan unha axuda están a esperar meses, meses e meses por que se lles conceda ese ingreso mínimo vital.

O Goberno galego mantén nos seus orzamentos para o ano 2022 un investimento de 44 millóns de euros para a risga. Estes fondos, que, como ben sabe, son ampliables todo o que



sexa necesario, permitirannos atender o cen por cento das persoas que precisen unha axuda e non teñan transitado de cara ao ingreso mínimo vital. Con todo isto, o Goberno galego vai manter sempre o seu compromiso coas persoas que máis o necesitan. E mantemos este compromiso tamén no ano 2022 cos orzamentos máis altos da historia de Galicia en materia social. Si, señor Rivera, son os orzamentos máis altos da historia de Galicia en materia social: 927,4 millóns de euros; un 14,2 % máis que neste exercicio 2021, dos cales, 118,6 millóns de euros irán destinados a traballar en prol da inclusión social.

Este investimento en inclusión social está destinado tamén para continuar reforzando aqueles programas que demostraron a súa eficacia e a súa valía, dándolles axuda ás persoas que máis o necesitaban. En materia de vivenda, permitiranos reforzar o programa destinado a todas as familias que necesiten permanecer ou atopar unha vivenda —farémolo nas sete grandes cidades de Galicia— e permitiranos tamén poñer en marcha o Pacto social pola vivenda 2021-2025, elaborado en consenso co sector e cos consumidores, e que será a folla de ruta da Xunta de Galicia para os vindeiros anos.

O Goberno galego seguirá demostrando sempre estar a carón das persoas que necesitan axuda, e farémolo sexa cal sexa a súa situación para que nunca se sintan sós. Facer de Galicia un lugar máis solidario é unha misión de toda a sociedade, pero, por suposto, tamén é unha misión de todas as administracións. A receita para chegar a esa sociedade soñada debe de vir acompañada dunha alianza entre as entidades sociais e as distintas administracións: a Administración estatal, a autonómica e a local.

O Goberno galego seguirá reforzando o seu apoio aos servizos sociais municipais. Estes orzamentos do ano 2022 elévanse nun 24,3 % ata chegar aos 19 millóns de euros a través do Plan concertado e da orde de axudas destinadas á inclusión para os concellos galegos. Tamén continuamos reforzando o noso apoio ás entidades sociais de Galicia con eses fondos que se manexan a través da orde do IRPF, que se incrementa nun 65 %, ata chegar aos 6,5 millóns de euros destinados a inclusión social.

Confío en que antes de que remate o ano a Xunta de Galicia e a Fegamp aprobemos conxuntamente a renovación da Axenda social única 2021-2024, un documento que aglutina os retos e os obxectivos en materia social para os vindeiros anos e que nos permitirá, ademais, xuntar forzas entre as entidades sociais, a Xunta e os concellos galegos. Os retos que temos por diante teñen tamén grandes dimensións, pero podemos estar seguros de que, ao igual que conseguimos facer fronte a unha das peores situacións da nosa historia, seremos quen de seguir achegando solucións e seremos quen de continuar achegando melloras para todas esas persoas e familias que necesitan da nosa axuda.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a réplica, o señor Francisco Rivera.



O señor FRANCISCO RIVERA: Grazas, presidente.

Eu plantexáballe, señora conselleira, ao Goberno unha serie de preguntas. Basicamente, a primeira consistía en que nos fixera unha valoración en relación co empeoramento da distribución das rendas de traballo en Galicia. Loxicamente, vostede é a responsable de Política Social e, bueno, fala do seu. Eu entendo que, en fin, deu contestación a algún ámbito da iniciativa, pero non a todos.

Eu falo de política, falo da política económica da Xunta, de se a política económica da Xunta está orientada á cohesión social, económica e territorial do país ou de se simplemente estamos privilexiando un determinado sector da poboación, os que teñen as rendas máis altas. ¿Estamos privilexiando un determinado sector de poboación que vive nun determinado territorio ou estamos privilexiando determinados cidadáns en relación con outros cidadáns de Galicia? (*Aplausos.*) E disto é do que vai a iniciativa. (*Aplausos.*)

Porque a problemática que se esconde en Galicia non vén só da covid; os seus datos son preocupantes xa na época precovid. Hai un empeoramento das rendas salariais en Galicia xa antes do ano 2019 e hai un empeoramento da situación social en Galicia. E vostede dáme datos, comparacións coa media do Estado, pero xa lle dixen que a taxa de pobreza relativa por primeira vez na historia dende o ano 2009 polo menos está por encima da media estatal.

Eu fállolle desa Galicia onde existen 26 comarcas que, en fin, segundo datos que debuxa e publica o IGE —e están publicados—, nunha expectativa de 15-20 anos, van perder o 30 % da poboación. Eu fállolle desa Galicia onde o Goberno da Xunta de Galicia ten que facer política económica, política industrial e política de cohesión. E esas son as preguntas que eu fago a través desta iniciativa.

Loxicamente, a falta e a perda de rendas laborais leva a moita xente a unha situación de carestía e a unha situación de pobreza, que é á que vostede responde. Pero é que é preocupante, porque a orixe está na política económica; na ausencia, neste caso, de política económica. Vostedes levan doce anos no Goberno —doce anos— e eu dáballa un dato, en relación co sistema educativo, que é fundamental para corrixir as eivas en relación coa cohesión social e territorial de Galicia e que ten que ver coa desaparición ou coa eliminación de 1.439 docentes en Galicia dende o ano 2009 ou coa falta de investimento en I+D+i, que coloca a Galicia nunha situación, nese ámbito, moi lonxe da media estatal, cun 0,97 % de investimento en relación co PIB, ou comparativamente, un 1,25 % da media do Estado.

Eu fállolle diso porque aí están as solucións: en investimento en I+D, en investimento en política educativa, en investimento en política económica, en cohesión social e territorial e en que chegue a todos os puntos do territorio. Pero vostede, en fin, dá a resposta dende a óptica da política social, e eu respecto ese tipo de cuestións. Quizais o que non esteamos abordando aquí é que o que está sucedendo neste país é que, ademais de que está envellecendo a poboación e ademais de que hai unha expulsión de moitísima xente nova —un capital humano importantísimo para fornecer a economía deste país, que ten que saír fóra de Galicia para buscar unha oportunidade de vida—, o que eu lle quero trasladar e lle trasladado ao Goberno é a necesidade de cambiar a política económica, a necesidade de utilizar



a inxente cantidade de fondos europeos, 507 millóns. É que o ano pasado a Xunta de Galicia recibiu achegas extra, só do Estado máis de 1.100 millóns de euros. E é verdade que estaba nunha situación de pandemia —é verdade—, pero a Xunta de Galicia, que acaba de recibir 828 millóns —acaba de recibilos no último tramo—, ten que ser quen de reverter a situación que se vive en determinadas comarcas deste país. E, dende logo, hai que impulsar unha nova política de vivenda, unha política de vivenda que permita aos colectivos —xa non só aos colectivos en risco de exclusión, senón ao conxunto da cidadanía—, á xente nova, acceder a unha vivenda, porque non poden acceder a unha vivenda. Deille un dato que é importante, que é que nunha franxa de idade entre 15 a 37 anos o 67 % da poboación vive aínda na casa dos seus pais, sen posibilidade de emanciparse. Polo tanto, eses son datos moi preocupantes e que teñen que ver coa falta de oportunidades ou coa pouca capacidade de renda que teñen os cidadáns neste país para acceder tan sequera a un alugueiro, porque a renda de alugueiro actúa como un auténtico aspirador de rendas salariais.

E ten que ver tamén co fortalecemento dos servizos públicos. Non é posible —e ten que ser, ademais, garantido por lei— que calquera servizo público e en calquera lugar deste país onde vivan os cidadáns se poida pechar baixo ningún concepto sen un informe, neste caso, do Consello Económico e Social...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...ou sen que se estableza nunha lei. Nós falamos disto e da necesidade de que se impulse en Galicia unha nova política económica. E na taxa de desigualdade, na taxa de empeoramento e de distancia entre os máis ricos e os máis pobres, se non se fai así, se non se actúa no plano fiscal, deixando de privilexiar as rendas altas e obrigándoas a tributar conforme o principio de equidade e progresividade fiscal, pois estaremos incidindo, precisamente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...en todo o contrario, estaremos acentuando o que está pasando neste momento en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: Dende logo, teñen vostedes unha oportunidade, que son os orzamentos, que, efectivamente, son os máis altos da historia e incorporan fondos importantes provenientes do Estado e das institucións europeas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: Eu digo que ese tipo de orzamentos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Francisco Rivera.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...e esa excepcionalidade teñen que ser aproveitados en beneficio dos galegos e das galegas...



O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FRANCISCO RIVERA: ...pero do conxunto de todos os galegos e galegas, vivan onde vivan.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Está iso xa está entendido. Quedou claro.

O señor FRANCISCO RIVERA: Nada máis. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Para o peche da interpelación, a conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Rivera, como lle dicía na miña primeira intervención, o reto ao que nos estamos enfrontando é un reto que ten grandes dimensións e que non se resolve con solucións máxicas. Depende dunha importante colaboración e dun traballo en equipo que nos permita chegar a todos eses recunchos de Galicia onde se atopa unha persoa, onde se atopa unha familia en situación de vulnerabilidade. É por iso que cremos na importancia de que exista sempre unha colaboración estreita tanto entre as distintas administracións como entre o tecido social de Galicia.

É certo que a política social é fundamental para a prosperidade económica, pero nós tamén cremos que a conciliación é a clave, é a chave para a incorporación de cada vez máis persoas ao mercado laboral. Por ese motivo, para que os pais e as nais de Galicia poidan conciliar —ademais, son medidas que favorecen o equilibrio territorial—, o Goberno galego continúa abrindo no noso rural galego cada vez máis casas niño e máis casas do maior. De feito, imos rematar este mesmo ano 2021 con 90 casas niño abertas e en funcionamento para que os pais e as nais de Galicia poidan levar alí os seus pequeniños, ao mesmo tempo que eles poden estar traballando. *(Aplausos.)*

E imos rematar tamén este mesmo ano 2021 con 90 casas do maior abertas e en funcionamento no noso rural. Os nosos maiores tamén necesitan recursos, necesitan servizos a carón da súa propia casa. Porque cando lles preguntamos onde queren pasar esa nova etapa da súa vida, a maioría dos nosos maiores dinnos que queren continuar vivindo nas súas casas ou preto das súas casas. Co cal, hai moitas comunidades autónomas a nivel nacional que xa están chamando á porta de Galicia para poñer eles tamén en funcionamento estes minicentros de día, pero que ademais son cen por cento gratuítos para os nosos maiores.

Tanto as casas niño como as casas do maior permiten conciliar, permiten que os pais e as nais poidan compatibilizar a súa vida familiar e a súa vida laboral, e tamén permiten asentar



poboación no rural tanto por parte das familias como dos nosos maiores, que continúan vivindo nas súas casas e, por suposto tamén, crean emprego. Son 180 as persoas que están a poñer en marcha estas casas niño e estas casas do maior, feito que lles permite traballar e ao mesmo tempo continuar vivindo na súa aldea, na súa vila ou no seu pobo.

Señorías, sempre que exista unha persoa que o está a pasar mal, o Goberno galego procurará poñer á súa disposición todas as axudas que estean ao noso alcance para que esas familias poidan saír adiante e poidan tamén recuperar o control da súa vida. E ímolos facer e a seguir facendo así con axudas directas que lles permitan facer fronte aos seus gastos básicos.

Facía referencia na miña primeira intervención a esa reformulación ou reordenación de todas as prestacións sociais de Galicia e tamén ao mantemento desa Tarxeta Básica, para poder cubrir de forma inmediata en menos de 24 horas que esas familias poidan facerlles fronte a esas necesidades básicas de alimentación ou de produtos de farmacia. Tamén o continuaremos facendo a través de programas de acceso á vivenda e de programas de acceso ao emprego, que é fundamental e, por suposto, sempre apoiándoos e ofrecéndolles unha segunda oportunidade, que todos e cada un de nós merecemos ter.

Os orzamentos da Xunta de Galicia para este vindeiro ano 2022 pretenden ofrecer e darlles respostas a todas esas necesidades que teñen as familias de Galicia, pero sobre todo permítenos chegar alí onde as familias nos precisan. O noso deber é agora coordinarnos cos demais axentes implicados e tamén decidir de forma moi clara o camiño cara ao que queremos avanzar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pasamos agora ao punto 6 da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Pasamos ao debate acumulado de dúas preguntas. Ambas as dúas van sobre a factoría de Alcoa, en San Cibrao.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e nove deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a situación en que se atopa o proceso de venda da fábrica de aluminio de San Cibrao

Pregunta de D. Daniel Castro García, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a nulidade do expediente de regulación de emprego na factoría de Alcoa, en San Cibrao

O señor PRESIDENTE: Comeza formulando a pregunta o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.



Señor vicepresidente.

Miles de traballadores e traballadoras na Mariña lucense —a miña comarca— levan máis de dous anos soportando a tal incerteza sobre o seu futuro laboral e sobre o futuro das súas familias ante a posibilidade certa de peche da única fábrica de aluminio primario que permanece activa en España. Falo da factoría de Alcoa, en San Cibrao (Cervo), que todos coinciden en definir como unha actividade estratéxica para o noso país.

É certo que recentemente o Supremo confirmaba a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se anulaba o expediente de regulación de emprego tras apreciar mala fe; unha vitoria que é froito da acción conxunta dos representantes dos traballadores e da autoridade laboral da Xunta de Galicia, que promoveu varios requirimentos neste sentido. Aínda así, estamos moi lonxe do final da batalla porque, señorías, non haberá solución posible ata que exista unha implicación real e efectiva por parte de Alcoa e do Goberno de España, ata que consigamos un prezo eléctrico estable e competitivo e ata que ofrezamos aos posibles compradores un ambiente de certeza xurídica imprescindible para que poidan formalizar as súas ofertas.

Señorías, ¿como non van perder a fe os traballadores de Alcoa na clase política cando observan que somos capaces de aprobar por unanimidade propostas e solucións, pero chegada a hora da verdade estas non se aplican?

Señorías, basta xa de tomar o pelo a toda esta xente. Toca pasar das intencións aos feitos. ¿Como poden facernos crer que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, socios en moitos concellos na Mariña, na provincia de Lugo e en Galicia, na Deputación de Lugo e ata na investidura non poden forzar o Goberno de Sánchez a cumprir aquilo que prometeu e que onte mesmo aprobabamos tamén nesta cámara?

¿Como é posible que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego voten a favor da intervención pública temporal de Alcoa e o Goberno de Sánchez faga oídos xordos?

E eu pregunto: ¿de quen depende a SEPI se non da Moncloa?

¿De verdade temos que crer que non poden obrigar o Goberno de España a que cumpra co estatuto? ¿De verdade que nos queren facer crer que as forzas do Bipartito non poden obrigar a poñer todas as ferramentas posibles para que tamén en España haxa un prezo eléctrico competitivo para a industria?

Señorías do Bloque Nacionalista Galego e señorías do Partido Socialista, pero, sobre todo, señorías do Bloque Nacionalista Galego, ¿de que valeu o pacto de investidura que vostedes asinaron...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...que quedou en papel mollado días despois?

O señor PRESIDENTE: Señor Balseiro, terminou o tempo. Xa coñece a mecánica.



O señor BALSEIRO OROL: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Formula agora a pregunta don Daniel Castro García, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

Como ben sabe, o Tribunal Supremo declarou nulo o segundo ERE de Alcoa e dixo que era ilegal. Algo que sabía absolutamente toda a Mariña. Isto deixou clara cal era a decisión da vía xudicial, pero segue quedando a vía máis importante, que é a vía política, como levamos dicindo dende o comezo da problemática.

Mais esta vía política necesita da implicación de todas as administracións, e cando digo administracións quero facer fincapé no plural deste substantivo. E xa antes de que se diga nada quero deixar claro que aquí sabemos perfectamente que o Goberno estatal traizoou A Mariña, traizoou todos os acordos acadados democraticamente en todos os parlamentos, e que, evidentemente, a SEPI en concreto fallou. (*Aplausos.*)

Digo isto para que logo —hano facer igual— na réplica non nolo boten enriba. Entón, aquí hai que falar de responsabilidades e, aínda que pareza que aquí non se vén facer política, pois estamos no Parlamento de Galiza, dáse a casualidade, mal que nos pese, de que vostedes son o goberno. Entón, ao mellor, teñen algo que dicir respecto do que pasa coa industria do noso país.

Porque se non volve pasar coma sempre, que volven coa súa teima de non pintar nada no que ten que ver coas decisións que lle ocorren á nosa industria, na súa teima de que Galiza sexa algo pequeniño, pequeniño, pequeniño. E isto débese a que vostedes están moi cómodos e moi cómodas con este marco.

Os problemas nunca teñen nada que ver con vostedes, a Xunta nunca nada pode facer e demais escusas que sempre os eximen de todas as responsabilidades. É dicir, vostedes son o goberno, pero non gobernan, e o que é peor: non teñen vontade de facelo.

Entón, isto lévame a facerlle dúas preguntas:

A primeira é se están dispostos e dispostas a saír da súa zona de confort, esa zona de confort de empregar todas as problemáticas que ten a nosa industria, a industria do noso país, para confrontar constantemente co Goberno estatal, aínda que este teña gran parte de culpa. Ata agora levan amosando este comportamento e queremos preguntarlle se están dispostos a deixar de facelo.

Antes de nada gustaríame suxerirlle que non se dedique a facerlle preguntas á oposición, aínda que teño poucas esperanzas, xa que polo de agora —como lle temos dito xa moitísimas veces— aínda non somos o goberno e estas son preguntas ao goberno. E esta segunda pre-



gunta é: ¿cal é a folla de ruta que a Xunta de Galiza vai levar para salvagardar os postos de traballo da factoría de Alcoa, xa que —como xa dixen— son o Goberno galego e algo terán que dicir?

Agardamos que o día de hoxe sexa unha excepción e que responda ás preguntas que o Bloque Nacionalista Galego lle fai.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro García.

Resposta do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, don Francisco José Conde López.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Balseiro, señor Castro, moitas grazas por traer a este parlamento a situación na que se atopa nestes momentos a venda de Alcoa San Cibrao e, sobre todo, a preocupación e a sensibilidade que temos coa situación dos traballadores de Alcoa e das súas familias e, por suposto tamén, o impacto que esta situación está a ter en toda a comarca da Mariña.

Señor Castro, antes de entrar en materia, vostede traslada que o Goberno do Partido Socialista e os seus socios —entre os cales están vostedes— traizoou os traballadores, traizoou A Mariña, e debería ter en conta tamén que está traizoando o Bloque Nacionalista Galego, e deberían tomar nota porque parece que vostedes son os cómplices necesarios desta situación. (*Aplausos.*)

En calquera caso, estamos neste parlamento para falar de como podemos axudar a solventar esta situación aos traballadores de Alcoa e, polo tanto, garantir o mantemento dos postos de traballo, porque ese é o noso obxectivo.

Efectivamente, a decisión do Tribunal Supremo de confirmar a nulidade do expediente de regulación de emprego que Alcoa quería aplicar, en principio, é unha boa noticia para a comarca da Mariña, tamén para Galicia, pero, sobre todo, para o conxunto dos traballadores, que xunto coa Xunta de Galicia estamos traballando dende o primeiro momento para manter a actividade da única planta de aluminio primario que queda en España, como ten traslado o señor Balseiro.

Señor Castro, somos goberno e estamos tomando decisións. Levamos tomando decisións durante os últimos meses, e todas as decisións que tomou este goberno van na mesma dirección, que é protexer e salvagardar os empregos de Alcoa San Cibrao. Por esta razón temos declarado a industria electrointensiva como un sector esencial e estratéxico en Galicia, que —como saben— permite dar prioridade a todos os proxectos de modernización ou de transformación reducindo á metade os prazos. E por esta razón tamén colaboramos co comité de empresa e cos sindicatos nas diferentes medidas xudiciais adoptadas para salvagardar os miles de postos de traballo.



É certo que nestes momentos precisaríamos tamén de acompañar eses proxectos de modernización ou de transformación con fondos para favorecer os investimentos. Como sabe vostede, señor Castro, todos os fondos en materia de política industrial vinculados aos fondos Next Generation están en mans do Goberno de España, e non hai nin unha soa transferencia ás comunidades autónomas para que poidamos axudar os diferentes sectores, tamén o sector electrointensivo. Non teña ningunha dúbida de que se tiveramos eses fondos a Xunta de Galicia estaría tomando tamén medidas nesa dirección.

Pero sabe que tamén a Xunta de Galicia participou na solicitude de medidas cautelares para que non se parasen as cubas. E na impugnación do ERE parece que xa estamos olvidando o labor que desenvolveu a autoridade laboral ao trasladar numerosas advertencias a Alcoa en relación co expediente e colaborar tamén na súa presentación ante os tribunais, porque a Xunta de Galicia —como sabe— non pode impugnar segundo a normativa laboral.

En definitiva, señorías, a Xunta foi en todo momento proactiva tomando decisións, identificando onde poden estar as solucións precisamente para defender os postos de traballo de Alcoa. E agora, señor Castro, señor Balseiro, Bloque Nacionalista Galego, Partido Socialista de Galicia, correspóndelle ao Goberno central mover ficha e sentarse coa empresa para acadar a solución que tanto tempo levamos reclamando os traballadores e o Goberno galego. Todos absolutamente coincidimos en que non haberá unha solución posible ata que exista unha implicación real efectiva por parte do Goberno e de Alcoa; todos, salvo, lamentablemente, o Partido Socialista Galicia e o Bloque Nacionalista Galego, que, unha vez máis, prefiren actuar como portavoces do goberno intentando desviar a atención.

Señor Castro, non enganen a xente e, sobre todo, non intenten enganar —porque non o conseguen— os traballadores de Alcoa. Galicia está a sufrir unha crise enerxética que está poñendo en perigo a industria e está poñendo en perigo tamén os postos de traballo de Alcoa. E todo o que está ocorrendo neste país coa enerxía tamén é responsabilidade do Bloque Nacionalista Galego, porque vostedes —recórdollelo— son socios de goberno de Pedro Sánchez e comparten a mesma política de intransición enerxética.

Polo tanto, a solución está moi clara, e hai un consenso: a única forma de poder salvar a situación da planta de Alcoa é a través dun prezo eléctrico competitivo, que permita que o comprador poida manter a actividade industrial. Aí está a solución.

Nós o que lle estamos exixindo ao goberno é que se activen todos os mecanismos para que se poida afrontar a venda de Alcoa con seguridade, incluída a intervención temporal a través da SEPI. Ese é o noso compromiso, iso é o que estamos solicitando a Xunta de Galicia e os traballadores.

O único que lles pedimos ao Partido Socialista de Galicia e ao Bloque Nacionalista Galego é que deixen de facer política e se poñan ao lado dos traballadores e da Xunta de Galicia. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



Eu creo que se refire á política demagóxica, porque política... (*Murmurios.*) ...entender iso. Política claro que facemos, ¡home!, está claro.

Ben, resposta do señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señor presidente.

Grazas, señor vicepresidente pola súa resposta.

Os mariñáns estamos cansados de escoitar das forzas da oposición que faga a Xunta de Galicia un plan industrial para a Mariña lucense. Pero a maioría dos mariñáns defendemos que o mellor plan industrial é que non peche Alcoa, que siga mantendo os postos de traballo que hai neste momento en Alcoa. Non sei por que as forzas da oposición, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, se dan por vencidos xa neste tema.

Pero alégrome moito que neste caso o señor Castro, en nome do Bloque Nacionalista Galego, dixera que o Goberno de España traizoou os traballadores de Alcoa. E vostedes tamén. Vostedes quizais máis. (*Aplausos.*)

E eu fágolles unha proposta: ¿por que vostedes son incapaces de condicionar os pactos políticos que teñen en Galicia a que se manteñan os postos de traballo de Alcoa? ¿Por que non o fan? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Fágolles esa proposta. Porque vostedes traizoáronos e enganáronos e mentíronlles. (*Aplausos.*)

Mire vostede, acordo do Bloque e do Partido Socialista: *Bonificaciones en la AP-9 y competencias en Alcoa, el pacto por el que los nacionalistas apoyarán la investidura de Sánchez.* ¡Ah!, pero miren o pacto que firmaron vostedes, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, o 20 de xaneiro. ¿Saben que di este pacto? Debera revisalo vostede. En relación co estatuto de empresas, adoptar medidas orientadas a reducir a factura enerxética. Efectivamente, vostedes fixérona ben, reducírona aumentándoa ao dobre que hai un ano.

Di máis: As industrias electrointensivas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Balseiro. Terminou o tempo.

Non, xa sabe. Vostede é un veterano disto e xa sabe como é. Grazas. (*O señor Balseiro Orol pronuncia palabras que non se perciben.*)

Si, pero xa sabe como é. Non, que despois se abre un debate aquí perigoso. Non, deixe, deixe... (*Risos.*) Deixe o tema aí. Xa está, a vostede enténdeselle ben, ¡home!

(*Aplausos.*)

Réplica, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidente.



Señor Conde, estou por pedirlle unha barra de pan porque isto ao mellor é unha panadería, non é o Parlamento de Galiza, onde se fai política. *(Aplausos.)*

Eu entendo que dende a banda popular siga crescendo o medo, mais dende o Bloque Nacionalista Galego temos que aclararlles unha cousiña: queremos gobernar este país, pero o Estado español non o queremos gobernar. Non nos poñan xa tamén como se gobernásenos no Estado español, que xa o están dicindo nas súas palabras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CASTRO GARCÍA: Señor Balseiro, o mellor plan industrial para a Mariña... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CASTRO GARCÍA: ...é que non se peche Alcoa. Moi ben. O mellor plan industrial para a Mariña é que nos últimos anos do Goberno de Feijóo non pechasen máis de decenas de empresas, que supuxeron máis de mil postos de traballo *(Aplausos.)* soamente en materia industrial.

E a solución para Alcoa é a intervención. E nesa intervención tamén podería participar a Xunta de Galiza. Podería participar a Xunta de Galiza se crese que este país é un país grande, que merece a pena, que hai que defender. Podería levar a cabo partidas para participar do consello de administración da mesma factoría. ¿Por que? Porque ante casos futuros, que non desexamos que esteamos na mesma situación, a situación da que partísemos o contexto non sería o mesmo.

Pero ¿que pasa cando propoñemos esas medidas, cando propoñemos estas medidas a través dos orzamentos? O que fai o Partido Popular é votar en contra.

Porque nós, o Bloque Nacionalista Galego, estivemos desde o comezo da problemática cos traballadores e traballadoras, e estivemos moitos meses agardando a que —como vostedes sempre din— se puxeran do lado noso na pancarta. Agora parece ser que a pancarta xa non queima tanto, que a pancarta é moito máis bonita e que poden empregalo para confrontar co Goberno do Estado.

Nós aledámonos por que se poñan tamén agora do noso lado, aínda que sexa na pancarta defendendo os traballadores e traballadora de Alcoa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

Para que non haxa ningunha dúbida, eu entendín o que dixo o deputado. A min non me quedou ningunha dúbida por favor, e creo que é así. El cando dixo «banda» refírese a ala, non a banda de bandido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Interrupcións.) (Murmurios.)*



¡Por favor!, entendino así. E se non que o deputado mo corrobore, ¿é así? Hai que ter un pouco de... ¡Por favor! Eu entendino e por iso deixei a cousa como está. ¡Por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, si xa está. Quedou aclarado todo.

Señor vicepresidente, peche desta pregunta.

O señor VICEPRESIDENTE SEGUNDO E CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Balseiro, señor Castro, efectivamente, a Xunta de Galicia está actuando con moita claridade, con moita contundencia, exixindo a activación de todos eses mecanismos xa comprometidos por parte do Goberno de España para que se poida afrontar a venda de Alcoa con seguridade. E nós, claro que si, defendemos que si é necesario que se poida intervir temporalmente a planta a través da SEPI. Isto é o que están pedindo os traballadores, isto é o que está pedindo a Xunta de Galicia, e nós imos estar ao seu lado.

Parece que os únicos que están e que están intentando desviar a atención falando da Administración galega, sorprendentemente neste caso, son vostedes, señor Castro, máis ocupados en defender os seus socios. Recórdolle que eu entendo que hoxe en día o Bloque Nacionalista Galego se teña que avergoñar dese pacto que ten firmado co Partido Socialista. Pero é que o firmaron vostedes, non o firmou o Partido Popular, firmouno o Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, vostedes están apoiando a política enerxética deste goberno. Lamentablemente, unha política enerxética que está sumindo a Galicia e a España nunha crise industrial, motivada por esas decisións políticas dende o punto de vista enerxético que nos están levando a esa intransición enerxética.

Señor Castro, vostedes son o partido do «non». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes son o partido do «non» ás centrais térmicas aínda que non teñamos garantida a subministración eléctrica. E vostedes son o partido do «non» ás enerxías renovables, sabendo que non haberá unha tarifa eléctrica mellor se non avanzamos na posta en marcha de máis instalacións, de xeito serio e rigoroso. É difícil atopar máis incoherencias, salvo intereses políticos, por parte do Bloque Nacionalista Galego en materia de política enerxética. (*Aplausos.*)

E lamento, señor Castro, que vostedes falen de política industrial e do impacto que esta política enerxética está tendo no noso país. Vostedes son corresponsables da situación que están a pasar os traballadores de Ence; vostedes son responsables do peche de Elnosa; son responsables do peche da central térmica das Pontes e de Meirama. E recórdolles que nestes momentos están en perigo máis de quince mil postos de traballo precisamente porque, entre outros detalles, vostedes están apoiando esa política enerxética. Creo que hai que falar xa con claridade, porque xa está ben: deixen de utilizar politicamente os traballadores deste país. (*Aplausos.*)

E se falamos de Alcoa, señor Castro, temos que insistir na necesidade desa implicación real e efectiva por parte de Alcoa e por parte do Goberno para afrontar a venda da planta. É ur-



xente que se activen eses mecanismos, é urxente que se activen medidas para garantir ese prezo eléctrico competitivo. Polo tanto, o que esperamos é que haxa unha reacción inmediata por parte do goberno. É a única solución posible, ou sexa: garantir un prezo eléctrico competitivo para que haxa un comprador que teña a capacidade de asumir a compra da planta. Esta é a realidade.

Calquera outra motivación, o único que estamos intentando é desviar a atención e —insisto— utilizar a política industrial para facer política. É o peor favor que lles poden facer vostedes aos traballadores do noso país. Se queren seguir defendendo Galicia utilizando os traballadores e, lamentablemente, sendo corresponsables de peches de empresas, pois será a súa responsabilidade. Dende logo, estará na hemeroteca, porque a hemeroteca, señor Castro, pon a cada un no seu lugar.

Nós imos seguir traballando, imos seguir tomando medidas, e pedímoslle ao Goberno de España non só que garanta un prezo eléctrico competitivo, senón que lle pedimos tamén que interveña se é necesario a planta para poder garantir que haxa un comprador que asuma esa operación.

E pedímoslle, señor Castro, tamén —e esperaríamos o seu apoio— que eses fondos Next Generation en materia de política industrial que o Goberno quedou co cen por cento dos fondos en materia de política industrial... E fárame vostede de plans industriais na Mariña, fárame vostede de axudas aos investimentos en empresas electrointensivas. Señor Castro, o cen por cento dos fondos europeos Next Generation en materia de política industrial están no Ministerio de Industria, e as comunidades autónomas recibimos cero euros. E dos 12.000 millóns de euros en materia de política industrial imos recibir cero euros.

Un pouco de coherencia, un pouco de respecto polos traballadores e un pouco de defensa dos intereses de Galicia ante un goberno que está desmantelando industrialmente Galicia por decisións de política enerxética intencionadas que non teñen ningún tipo de xustificación.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego da existencia de 15.000 postos de traballo sen cubrir a pesar do número de desempregados

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona María del Carmen Rodríguez Dacosta, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Bos días a todos e todas.

Bos días, conselleira.

A pesar de que tantos os meses de setembro e outubro reflectiron un aumento de desempregados, cunha evolución contraria ao resto do Estado —concretamente, en setembro 1.790



parados e paradas máis e 5.400 postos de traballo destruídos; en outubro, 991 parados máis—, como dicía, señora conselleira, temos neste momento 154.045 desempregados en Galiza, das cales 90.378 son mulleres.

A pesar desta situación, Galicia leva tempo sufrindo escaseza de man de obra. Cóntanse por miles as vacantes de emprego en distintos sectores.

O sector da construción, por exemplo, é un dos máis afectados entre o desfaseamento entre a oferta e a demanda. E a propia patronal do sector na Coruña, Apeco, estima entre 4.500 e 8.000 os novos traballadores que necesita incorporar Galicia para cubrir os postos deixados vacantes por xubilacións e, ademais, para os postos que se van xerar para o vindeiro ano cos proxectos financiados polos fondos de recuperación europeos. A patronal pontevedresa da construción fala dun montón de empresas con obras e proxectos parados pola falta de profesionais, tales como encofradores, fontaneiros, etc., estimando ata quince mil os postos por cubrir.

A Asociación de Industrias do Metal e Tecnolóxicas Asociadas de Galicia, Asime, recoñece que o mercado laboral galego precisa de traballadores e traballadoras nas categorías diversas, desde enxeñeiros a soldadores. E cifran en oitocentos os postos que necesitan cubrir de forma inmediata e dous mil máis que precisan para incorporarse aos cadros de persoal para garantir as entregas do vindeiro ano.

O sector do moble non é alleo a esta grave problemática. E tampouco o sector servizos se salva desta desconexión entre a oferta e a demanda, ben que o alto índice de precariedade deste sector pode incidir nesta situación.

O sector da construción naval pode verse afectado pola falla de man de obra, estimando que necesitan dous mil empregados máis ata o 2023.

Xa interpelamos sobre a necesidade de fortalecemento do servizo público de Galicia, sobre a necesidade dun diagnóstico a curto e longo prazo. Dende logo, non fixeron nada nese sentido.

Como a realidade que existe é unha grave disfunción en Galicia

entre a oferta e a demanda, preguntamos: ¿que valoración fai o Goberno galego ante a situación de que, a pesar do número de desempregados que ten a nosa comunidade, falten sobre quince mil postos, segundo as asociacións empresariais?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas, presidente.



Bos días, señorías.

Efectivamente, si que estamos atopándonos con gran demanda por parte do tecido empresarial, e fundamentalmente en determinados oficios que poderíamos chamar «tradicionais», nos que non está sendo cuberta. Probablemente tamén por falta de vocacións, porque aínda a poboación máis nova ten descoñecemento en canto ao índice de empregabilidade que pode haber nestas oportunidades laborais e probablemente tamén por falta de opcións formativas que resulten atractivas.

Temos que ter tamén en conta que a crise causada pola covid acelerou moitísimo a transición dixital; puxo de manifesto moitísimas necesidades en canto á formación que ten que ter a nosa man de obra e o noso mercado laboral. Isto pon de relevo precisamente que os traballadores necesitan novas capacidades que se adapten a esas ofertas que está dando agora mesmo o mercado laboral, non soamente en Galicia senón en todo o país.

Polo tanto, ¿que é o que consideramos nós, que é o que considera a Consellería de Emprego que temos que facer? Temos que optimizar os procedementos de emparellamento entre a oferta e a demanda. Así o presentamos nos orzamentos deste ano, pois levamos traballando todo o ano en proxectos nesta liña. E onte en concreto presentamos o proxecto que coído que é máis importante neste sentido, que é a Axenda de capacidades para o emprego. É un pacto social pola formación onde pretendemos precisamente reformular a formación para o emprego na comunidade autónoma, implicando os axentes sociais, os axentes económicos, que —como ben dicía vostede— son os que coñecen realmente as necesidades de traballadores e traballadoras que teñen e, por suposto, as capacidades e as cualificacións que teñen que ter estes traballadores.

Con isto imos depurar a totalidade das especialidades formativas que existen actualmente na comunidade autónoma, que son máis de catro mil, e imos elaborar un catálogo formativo que se axuste a esas necesidades reais dos sectores produtivos, para garantir unha adecuada capacitación dos traballadores.

Temos que dicir que somos das primeiras rexións en Europa xunto con Flandres que leva a cabo esta axenda, que non é máis que unha reprodución, unha execución da axenda europea, e que vai traballar en nove mesas de traballo e eixos estratéxicos: blue economy, green economy, silver economy, construción, automoción e aeronáutico, loxística, turismo, hostalería e comercio, economía dixital e unha mesa específica para todo o relativo aos colectivos especialmente vulnerables.

Isto será completado con outros proxectos, como o estudo de tecnoloxías emerxentes e o campus virtual de formación para o emprego, cun investimento para o ano 2022 de 82 millóns de euros en formación, e entendemos que é unha das vías máis adecuadas para facer converxer esa oferta, esa demanda entre empresarios e traballadores e mellorar, polo tanto, esa cobertura de postos de traballo da que fala vostede, señoría.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.



Para a réplica ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Ben, eu pregunto que levan facendo dende o ano 2009 en materia de emprego ata a actualidade, porque no ano 2009 Touriño deixaba un orzamento de 155 millóns de políticas de emprego de fondos propios, e no 2020 vostedes deixan a metade, 82 millóns. *(Aplausos.)* Isto explica as políticas de emprego que están a facer.

E é verdade, onte presentaron a Axenda galega de capacidades, presentárona onte, pero resulta que o informe Adeco do ano 2018 —que seguro que coñece— afirma: carencia de profesionais brutal en Galicia. Tamén observan un desaxuste importante na comunidade autónoma entre o sistema educativo e a realidade empresarial. O envellecemento da poboación galega xa no ano 2018 era dous puntos por riba da media estatal, e isto define o noso mercado laboral. Dende aquel momento só anuncios e nada máis.

Temos un grave problema de adecuación da formación profesional á realidade empresarial, carencia de políticas activas de emprego. Temos que esperar ao anuncio que fixo tamén este ano que ían licitar un estudo de tecnoloxías emerxentes para formular un catálogo formativo de perfiles profesionais, nada máis e nada menos que unha licitación de 400.000 euros, cando deixan as oficinas de emprego sen técnicos, reducen o capítulo I destes profesionais, non crean prazas estruturais para fortalecer de verdade un servizo público que tería que ter esta función e esa diagnose.

O Goberno galego non ten unha diagnose do mercado laboral e das necesidades do ano 2021. Isto é moi grave. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez.

Para a réplica do goberno ten a palabra a conselleira de Emprego e Igualdade, a señora Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Moitas grazas.

Respecto do orzamento, eu falaba do orzamento de formación. O orzamento da consellería coñeceo vostede moi ben; son 380 millóns de euros. Soamente en formación crecemos un 50 %. Eu non teño aquí os datos, pero estou convencida de que o orzamento soamente en violencia de xénero crecemos un 24 %. Entón, non entendo como está dicindo que temos un orzamento inferior. É o maior orzamento en políticas de emprego de toda a historia da Xunta de Galicia o que ten esta consellería. Entón, non entendo como paramos un momento a falar de cifras que revelan que non son así por si mesmas.

¿Que levamos facendo dende o ano 2009? Pois actualmente ter unha taxa de paro catro puntos e pico por debaixo da media nacional na EPA. Iso é o que levamos facendo dende o ano 2009.



Fala vostede de que reducimos o capítulo I. Non, é o Estado o que reduce o capítulo I. O Estado rematou co financiamento dos orientadores laborais para todas as comunidades autónomas sen aviso e sen nova programación. ¿E que fixo a Comunidade Autónoma de Galicia? Prover fondos no capítulo IV por importe incluso superior ao que tiñamos no capítulo I para a orientación laboral. Polo tanto, non é a Xunta de Galicia a que reduce fondos no capítulo I das oficinas de emprego, senón que neste caso está sendo o Ministerio de Traballo. E vostede coñece ben. Sabe que isto é así porque coñece os orzamentos e sabe que están prevista nese capítulo IV unha cantidade superior á que diminúe no capítulo I.

¿E que levamos facendo durante todo este ano? Pois traballar nesta axenda para poder comezar con esa análise de cada unha das especialidades formativas que temos na comunidade autónoma, de xeito organizado cos sectores e cunha base de datos informática que permita axilizar o sistema e prever ademais un sistema dinámico e que continuamente se poida ir reformulando coa realidade que temos na comunidade autónoma.

Actualmente nese Plan galego para a formación, que son 82 millóns de euros, pero que é só para formación, porque repito que o orzamento da consellería son 380 millóns de euros, xa estamos adaptando a formación aos resultados que vimos obtendo dese estudo do que vostede fala, que eu creo que é moi útil, pero que, sen embargo, non lle dá ningún valor. Temos destinadas accións formativas para sectores de construción, de formación mecánica, de hostalería... En concreto, en fabricación mecánica, case seis millóns de euros en formación neste sentido; edificación e obra civil, máis de dous millóns de euros; accións formativas de dixitalización no marco do sector servizos; tamén formación para o sector do transporte. Para o sector da construción estamos colaborando con tres millóns e medio de euros para a formación a través da Fundación Laboral da Construción.

En definitiva, a resposta que estamos dando é intentar mellorar ese cruce entre oferta e demanda a través dun desenvolvemento das capacidades para o emprego, cunha formación adaptada ao mercado laboral, unha formación útil e que, en definitiva, consiga emparellar a oferta dos empresarios galegos coa demanda de traballo que temos na comunidade autónoma.

Nada máis. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e D^a Marina Ortega Otero, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a colaboración do colectivo de ópticos e optometristas na asistencia sanitaria visual

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día, señor conselleiro.



Hoxe temos peor atención visual no Sergas e no sistema sanitario en Galicia que hai dous anos. Non é unha valoración, é unha cuestión obxectiva que seguramente vostede tamén comparte, e comparte o seu grupo na última Comisión de Sanidade na que puidemos debater sobre isto.

O porqué é unha razón evidente. Dende hai uns anos —explicarémolo agora— tiñamos a capacidade de ter, ademais do Servizo de Oftalmoloxía que protagonizan os médicos no Sergas, a avaliación de capacidade visual que fan os ópticos e optometristas, e que agora temos en serias dúbidas no aire ou, en realidade, non temos de maneira axeitada.

Esta situación vén de 2007. En 2007, o Goberno por entón, interesándose por mellorar a asistencia no que corresponde á saúde visual, asinou un convenio co Colexio de Ópticos. Este convenio provía a avaliación de capacidades visuais á poboación e tiña algunhas vantaxes. En primeiro lugar, o Sergas beneficiábase de ter unha capacidade para dar un servizo a maiores; os establecementos de óptica e optometría tiñan unha capacidade de difundir o seu traballo; tamén tiñan unha certa vantaxe comercial, porque podían ampliar o seu espectro de clientes. Tiña tamén isto uns certos compromisos, xa que o Sergas se comprometía a reavaliar ese convenio, melloralo co paso do tempo e incluso como obxectivo a medio e longo prazo a incorporación dos ópticos e optometristas no Sergas.

E, pola súa banda, os ópticos e optometristas ao principio facían o servizo absolutamente gratuíto. E isto é importante sinalalo. Unha instalación de óptica e optometría facía un servizo absolutamente gratuíto a calquera persoa que derivada dende un médico ou incluso por iniciativa propia entrara para facer unha avaliación, que leva o seu tempo, leva o seu esforzo e leva sobre todo o seu coñecemento, incluso ás veces a utilización dalgúns instrumentos. Por tanto, neste sentido tiñamos ese servizo ben avanzado.

O cambio de goberno en 2009 rompeu esta situación. Durante todos estes anos, ata o ano pasado, nunca existiu ningunha vontade de renovar ese convenio, de melloralo ou incluso de avanzar e de facer algunha aportación para que polo menos os ópticos e optometristas non perdesen cartos. Xa non se trata de gañar, senón de non perder cartos.

En 2020, os ópticos e optometristas, despois de reivindicar moitas veces a mellora deste convenio, dixeron que basta ante unha consellería que non escoita, e un servizo que non están obrigados a dar, non o daban.

¿Que fixo a Consellería? Intentar dividir, dividir para intentar vencer, e hoxe temos un problema. Señor conselleiro, hoxe en Galicia non temos a capacidade de dar todo o servizo. (O señor Torrado Quintela amósalle á Cámara un mapa de Galicia en cores.) Este mapa, que seguramente vostede coñece, ensina en vermello —está é unha das únicas oportunidades en que o roxo é o malo, normalmente é bo, pero aquí é malo— todos aqueles lugares en Galicia onde non hai este servizo. Porque hoxe en día o Sergas non é capaz de resolvelo.

¿Que ven vostedes que deben de facer e como van resolver que hoxe teñamos peor asistencia sanitaria visual que hai dous anos? (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.



Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bos días de novo.

Señor Torrado, para responder a esta pregunta poderíalle dar integramente a resposta que deu o director xeral de Asistencia Sanitaria na Comisión 5ª, creo que a unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego, e creo que responde perfectamente á pregunta que vostede plantexa hoxe.

Isto non se trata do valor que lle damos á figura dos ópticos, que é todo, por suposto; son profesionais expertos na súa especialidade, e se o Sergas non confiase na súa valía non tería asinado nin o primeiro nin o segundo convenio, aínda que neste último a outra parte sexan as ópticas. Trátase de ofrecerlle á cidadanía un servizo que neste caso está garantido.

O convenio que correspondía á campaña «Ollo cos ollos» era froito da colaboración entre o Colexio de Ópticos e o Sergas, e foi asinado —como vostede ben di— por ambas partes no ano 2008, e estivo vixente ata o 2020; renovouse todos os anos. Por certo, cun importe de ao redor dos doce mil euros anuais. Durante estes anos que estivo en vigor foi empregado por arredor de cincuenta mil persoas, atendidas fundamentalmente para identificar os efectos da refracción.

O Sergas ofreceu no ano 2020 melloras para a renovación do convenio anterior, pero o Colexio de Ópticos rexeitounas, a pesar de que nos consta que a opinión entre os membros do colexio non era unánime. Polo que iniciamos os traballos para asinar un novo convenio, neste caso coas ópticas; un modelo ao que pode adherirse calquera establecemento que así o considere. Que sexa cos propios establecementos cobra un maior sentido, xa que os propietarios das ópticas —como vostede ben sabe— non teñen por que contar coa titulación e, polo tanto, non formar parte do Colexio de Ópticos.

Creemos que este convenio resolve as necesidades que cubría o anterior, ofrecendo unha revisión de xeito gratuíto, posibilitando ademais que os datos desa revisión figuren na historia clínica electrónica do paciente, no Ianus, o que permite o seguimento dos mesmos por parte dos médicos de familia ou dos servizos de Oftalmoloxía. Creemos que ata o momento non houbo incidencias e a atención que se ofrece é exactamente a mesma que había na anterior campaña.

Vostede reclama unha compensación económica, que cremos que queda resolta coa propia participación no convenio. Vostede mesmo di que os propios ópticos teñen interese en recibir eses pacientes porque moitos deles despois fan as gafas na propia óptica. Ben, esa é a perspectiva, que eses pacientes son potenciais clientes. E precisamente ese foi o motivo polo que tampouco existiu unha compensación económica ao longo da vixencia do anterior convenio, nin sequera no 2007 e no 2008.

Señor Torrado, a realidade non é a que vostede nos quere pintar de que infravaloramos os profesionais, nada máis lonxe como dicía, senón que nós tratamos de facer unha atención de calidade aos cidadáns, e a realidade é esta. O Sergas realiza ao ano máis de quiñentas mil



consultas de Oftalmoloxía, fai máis de trinta e cinco mil intervencións cirúrxicas, ademais ten ampliado recursos en atención primaria, por exemplo, con vinte e seis retinógrafos — non só poñemos impresoras en atención primaria, señor Torrado—, e estamos satisfeitos co resultado que está tendo a implantación do convenio, con máis de cento setenta ópticas adheridas agora mesmo; o maior número na Coruña e en Pontevedra, pero esperamos que tamén se engadan noutras provincias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, se vostede me podía dar a mesma resposta é que vostedes ante o problema que temos non pensan moverse nin un ápice.

É certamente coherente, pois o Sergas é probablemente a ETT máis explotadora de Galicia e aquí atoparon un filón, porque aínda por riba hai un colectivo que lle está facendo un traballo e non lle queran pagar. É dicir, xa vostedes atoparon algo marabilloso: xente que traballa, xente que se forma, xente capaz, que ten os seus establecementos, pero non lle pagamos.

Imos cambiar de exemplo: se vostede tivera unha froitería, ¿vostede pasaría —imos poñer así por exemplo— catorce anos regalando as mazás e os plátanos todos os días para ver se eses clientes algún día entran a por laranxas, e entón si llelas cobra? Non. Pois iso é o que o Sergas quere que fagan os ópticos, a saber: que regalen o seu traballo, que regalen o seu tempo, que impliquen o seu instrumental, que compren os funxibles, que teñan toda a capacidade, que se formen, que se formen constantemente, que melloren, que vaian a cursos de formación para ampliar as capacitacións que van tendo, pero non pagarlles. Esta é a súa proposta. Nós cremos que é inxusto.

Vostedes asumen que está ben, e asumen que se hai un problema é culpa dos ópticos. Esa tamén é unha discrepancia, pois se hai un problema é responsabilidade do Sergas, que é o responsable da saúde visual, non os ópticos.

Vostede dá a sensación de que di: como vostedes teñen un negocio, teñen que facernos caso. E non é certo. O problema é que hoxe vostedes teñen unha responsabilidade, e é que máis da metade dos concellos de Galicia hoxe están habitados por persoas que non teñen no seu concello unha óptica para poder facer unha avaliación visual que hai dous anos si que se podía facer.

Vostedes romperon ese convenio. E a pregunta é: ¿que van facer para restauralo? Porque se non van facer nada seguimos tendo ese problema. E isto ten unha vía: mellorar o convenio —como, por certo, se fai con outros colectivos—, aportar polo menos para que non lles saia a perder e visionar a longo prazo ou a medio prazo que incorporem o servizo de óptica e optometría no Sergas. Ese é o camiño, vostedes teñen ese e non teñen o outro.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado, rematou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Para a réplica do goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Señor Torrado, esta mesma mañá tiven —como sabe— unha Interpelación do Bloque Nacionalista Galego sobre a atención primaria, na que falabamos da carga que asumen os médicos de primaria e da necesidade que temos de desburocratizar e alixeirar as axendas dos médicos. E vostede dime que prefire un convenio no que eran os médicos de primaria os que tiñan que dar o volante para as citas do óptico.

Con este convenio que temos agora mesmo eliminamos todos eses ocos das axendas dos médicos, que poden ser dedicados a outro tipo de atención, por exemplo, horas reservadas a titorías ou para a atención á cronicidade. E vostede insiste na necesidade de volver ao anterior. ¡Sorprendente, sen dúbida! Cincuenta e dúas mil consultas derivadas desde primaria no 2018, corenta e seis mil no 2019; arredor de cincuenta mil ocos máis nas axendas dos médicos de toda Galicia.

Ademais, neste convenio son os pacientes os que deciden a que óptica acudir libremente. Se acoden a unha que forma parte da campaña «Coidado cos teus ollos», os datos da súa revisión poden ser revisados polos profesionais do Sergas.

Este convenio trátase dunha colaboración voluntaria entre a Consellería de Sanidade e os establecementos de óptica adheridos. Repito: cento setenta e cinco ópticas adheridas xa.

O modelo actual é a continuación, con evidentes melloras, do subscrito no 2008 e que permite que calquera paciente teña unha derivación mediante unha vía rápida ao Servizo de Oftalmoloxía do seu hospital se tivese identificado algún tipo de patoloxía que requira a presenza do oftalmólogo neste caso.

A vantaxe fundamental deste convenio é para a cidadanía galega, xunto coa posta en valor da figura, por suposto, dos ópticos e optometristas e dos establecementos de ópticas aos que se lles dá viabilidade neste convenio.

Dende logo —insisto—, vostede mesmo o di na pregunta, a maior parte das ópticas fan esa revisión de xeito gratuíto. O que facemos agora é que esa derivación non precise da consulta do médico de atención primaria, que —como digo— son cincuenta mil ocos máis de médico de atención primaria á disposición dos usuarios. Creo que iso, —insisto— respectando o traballo e a figura dos ópticos e optometristas, é unha vantaxe nisto.

¿Se me pregunta que imos facer? Pois seguir insistindo coas ópticas para que se adhiran a este convenio, que cremos que é mellor aínda que o anterior.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.



Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Noelia Otero Lago e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha da unidade de demencias da Área Sanitaria de Vigo no Hospital do Meixoeiro

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, xa pola hora, conselleiro.

As cifras, segundo a fonte que consultemos, á que vaíamos, sabe que varían moito en relación coas persoas que arestora sofren alzhéimer ou ben outra demencia. Se collemos, por exemplo, os datos do Instituto Nacional de Estatística —que son os datos que recolle a Asociación Española de Neuroloxía— fálannos de arredor de 600.000 persoas. Pero o máis grave é que advirten que este número, que esta cifra se vai duplicar inevitablemente nos vindeiros anos. Se collemos os datos da Confederación Española de Alzhéimer, dobran esas cifras de datos na actualidade a nivel estatal. Estamos falando neste caso de arredor de 1.200.000 casos de persoas afectadas por demencia-alzhéimer; 1.200.000 familias, polo tanto —como sabe—, porque é unha enfermidade que afecta moi directamente tamén nos fogares de quen a padece.

Nós pensamos, ante esta situación, ante os números —as cifras que temos tamén aquí en Galicia, segundo a Federación Galega, falan de arredor de 70.000 persoas afectadas—, que a Xunta non está a cumprir cos seus obxectivos, cos seus compromisos, adquiridos ademais de xeito público.

E traemos esta pregunta nun momento ademais porque podemos ter certa flexibilidade e comprensión arredor dos atrasos, pero sabe vostede que o confinamento e que esta pandemia afectou de xeito moi directo a estas persoas. Por unha banda, ese confinamento directamente pola situación que se viviu nos fogares; por outra banda, polo peche dos centros de día; tamén neste caso a nivel de diagnose, pola non presencialidade nos centros de saúde.

Vostedes teñen mantido diversas xuntanzas con Afaga. Eles, con toda a paciencia, con todo o cariño —mesmo me atrevería a dicir—, veñen aceptando todo ese cambio de datas. Pero nós pensamos que co que teñen padecido —como dicíamos—, con eses procesos de deterioración cognitiva funcional que advirten, tiveron que facer que moitas persoas afectadas saltasen os recursos intermedios e que teñan que ter solicitado xa unha residencia nos últimos tempos. Pensamos que xa é o momento de dar unha data definitiva, de que nos informe de como están eses traballos de adaptación desa unidade de demencias comprometida para o Hospital Meixoeiro.

E, por non ir moito máis lonxe, este verán, no mes de xuño, o xerente da área sanitaria vi-guesa dicía nunha entrevista nos medios de comunicación que era cuestión de semanas, que



os traballos estaban moi avanzados. Así que hoxe lle pedimos que nos aclare cal é a situación desas obras de adaptación desta unidade comprometida tantas veces de demencias e tan necesaria, e cal é a data definitiva para a súa posta en marcha.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bos días.

Moi bos días, señora Otero.

Efectivamente, tal como vostede traslada na súa pregunta, a situación sociodemográfica de Galicia fainos pensar que a cifra de persoas que padecen neste caso alzhéimer ou algunha outra demencia medrará segundo transcorran os anos. Xa no ano 2017 a OMS publicou no seu plan de acción mundial sobre a resposta da saúde pública á demencia 2017-2025, onde establecían sete esferas de actuación, entre as que se encontraban a de situar a demencia como unha prioridade de saúde pública. Iso é como o consideramos nós.

A verdade é que a nosa sociedade ten mellorado nos últimos anos na sensibilización con respecto a estas patoloxías e tamén teñen medrado os avances que permiten o seu diagnóstico máis temperán.

Dentro dos diferentes tipos de demencias, a enfermidade de Alzheimer e a demencia dexe-nerativa é a máis frecuente, sendo estas patoloxías o segundo motivo de preocupación dos pacientes anciáns por detrás da patoloxía cardíaca. É imprescindible que todas as persoas con sospeita de padecer unha patoloxía deste tipo contén cun proceso de diagnóstico de calidade, cun plan de recuperación terapéutico apropiado, e que se realice un seguimento acorde coas distintas fases da súa enfermidade.

Como saben, dende o Sergas temos apostado —despois de escoitar o mandato deste parlamento— por desenvolver unidades multidisciplinares que permitan unha abordaxe das patoloxías máis transversal e integral e máis efectiva aos pacientes. O pasado venres, sen ir máis lonxe, publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a orde que regula estas unidades. E está previsto que este modelo de unidade multidisciplinar se aplique na unidade que —como vostede ben di— está traballando no Meixoeiro.

Pero quero aclarar que unha unidade de demencia non é un espazo físico onde estean os profesionais, e isto ademais —tamén con cariño— xa llo trasladei a Afaga en varias ocasións —non nunha, senón en varias—.

Na área sanitaria de Vigo dende hai tres anos hai un especialista en neuroloxía dedicado especificamente o cen por cento do seu tempo ás demencias, un neurólogo e unha enfermeira. E, ademais disto, tamén hai un psicoxeriatra, outra enfermeira de saúde mental, un admi-



nistrativo e outro persoal de enfermería. Repito: seis persoas dedicadas na área sanitaria de Vigo de xeito exclusivo á atención á demencia.

Polo tanto, se me pregunta vostede se están xuntos nun mesmo espazo físico, dígolle que non, pero si que están traballando de xeito específico, e cubertos, por outra banda, os seus respectivos ocos por outros profesionais, de xeito que en Vigo dende hai máis de tres anos hai unha unidade de demencias.

Se falamos especificamente do traballo que se está a facer nesa unidade, pois empezouse —como non pode ser doutro xeito— a coordinación con atención primaria, definindo os circuitos; e, ben, faise esa atención de carácter ambulatorio que cremos que realmente está dando o froito que tiña que dar, neste caso a consulta no Hospital Álvaro Cunqueiro, e a unidade de psioxeriatría ata o de agora, hai pouco tempo, no Hospital Nicolás Peña, pero —repito— perfectamente coordinados. Como vostedes ben saben, temos unha historia clínica electrónica compartida onde a información dun profesional pode vela outro. E cremos que nese sentido, aínda que é mellorable, sobre todo con este decreto de unidades multidisciplinares agora mesmo esta atención está sendo dada de xeito axeitado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a réplica a señora Otero Lago.

A señora OTERO LAGO: Ben, pois non sei, señor conselleiro, se é que non trasladan vostedes ben esa información, eses anuncios que vén recollendo a prensa nas distintas visitas con motivo, por exemplo, do Día Mundial do Alzheimer. Eu falaba de noticias que se repiten no tempo. Vostede é ben coñecedor da área sanitaria de Vigo, e a comezos do ano 2018 o que se anuncia especificamente é unha unidade de memoria e demencia que entrará en funcionamento ese ano, e falaban de que estará ubicada, efectivamente, no Hospital Álvaro Cunqueiro. Pouco tempo despois o que anuncian é que haberá certos atrasos na súa posta en marcha e que será efectivamente unha área multidisciplinar, e que será compartida no Hospital Meixoeiro, no Álvaro Cunqueiro e mesmo no Hospital Nicolás Peña. Pasa o tempo e anuncian en xuntanzas que manteñen con Afaga, cos familiares e cos responsables da asociación, que a unidade específica en si terá o seu punto e o seu espazo, e haberá ademais unha responsable á fronte dela no Hospital Meixoeiro. Iso é o que teñen trasladado en diversas ocasións.

Dicía que, sen ir máis lonxe, este verán o propio xerente da área sanitaria nunha entrevista nun medio de comunicación dicía que se estaban adaptando os traballos nun lugar específico para a posta en marcha, que despois de moitos atrasos sería unha realidade —non o dicimos nós— esa unidade de demencias.

E o ánimo neste caso —como dicía antes, porque é importante e é unha necesidade absolutamente compartida por todo o mundo e aplaudida, na que falaban vostedes tamén dun salto cuantitativo e cualitativo nos traballos que van desenvolver—, pois en todo este tempo e a pesar de todos estes anuncios, nunca foi meter o dedo na chaga e preguntar a ver cando vai, a ver cando vai, a pesar de que iamos pasando dun trimestre a outro.



Pensamos e diciamos que este é o momento, despois do que teñen padecido, despois dese atraso nas diagnoses polo peche dos centros de saúde por esa non atención presencial...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero. Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

(A señora Otero Lago pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas. Xa rematou o seu tempo, señora Otero.

(A señora Otero Lago pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa rematou o seu tempo. Sabe como vai isto.

(Aplausos.)

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, señora Otero.

Como lle dicía, por unha banda, insistir en que efectivamente no 2018 se anunciou a unidade, e esa unidade como tal empezou a funcionar no 2018 con ese neurólogo e esa enfermeira dedicados ao cen por cento á atención ás demencias, cun importante labor que quero poñer en valor de información por distintos centros de saúde e que se ía incorporando segundo esta profesional se incorporaba con estes centros de saúde. Repito: iso leva funcionando dende o 2018, o que é a neuroloxía; incorporouse uns meses despois a psioxeriatría, neste caso, no Nicolás Peña, porque había o espazo alí.

E agora nestes días —por falarlle dos datos, pero insistir en que a unidade está funcionando e os pacientes están creo que perfectamente atendidos nese sentido— si que é certo que dende o principio buscábamos ubicalos todos nun mesmo espazo e traballouse con distintas liñas de busca dese espazo.

Finalmente —como diciamos—, a raíz da implantación da unidade de infantoxuvenil no Hospital Nicolás Peña nos espazos que ocupaba a unidade de psioxeriatría, este equipo pasouse ao Hospital Meixoeiro; de feito, está traballando, está no Hospital Meixoeiro. E nesta mesma semana —eu puider estar alí antonte e vin as obras— está xa bastante avanzado o espazo físico, que era o antigo que ocupaba a unidade de mama, onde imos concentrar fisicamente todos estes recursos, os neurólogos que levan —como digo— tres anos dedicándose de xeito exclusivo á demencia, máis os que xa están da unidade de psioxeriatría. Polo tanto, creo que é unha boa noticia que a partir do tempo que leven as obras, que están practicamente rematadas, poidan coincidir fisicamente.

En todo caso, nós non nos limitamos só ao espazo físico, que, sendo importante, non é o fundamental, senón a recursos humanos. Pero tamén estamos traballando no desenvolvemento dun proceso asistencial integrado en demencia que define non só para Vigo senón



para todo o Sergas o manexo desta patoloxía. E tamén estamos pendentes no ano 2022 de desenvolver a elaboración dun plan galego de demencias, para homoxeneizar tamén os recursos destinados ás distintas patoloxías relacionadas coa demencia e mellorar a coordinación entre os niveis asistenciais.

É dicir, non soamente imos ter en Vigo, como xa temos agora mesmo, estratexias para realizar o diagnóstico precoz das demencias, homoxeneizar o seguimento e definir as mellores terapias para tratar esta patoloxía, que sexa equivalente, como dicía, para todos os galegos e galegas, independentemente de onde vivan.

Sen olvidarnos, por suposto, da importancia das familias, que sempre, en todas as patoloxías pero nesta en particular, son especialmente significativas. E, nese sentido —volvo insistir—, esta información é coñecida perfectamente polas asociacións de familiares, neste caso da área de Vigo. Coñecían e coñecen, por suposto, a existencia destes dispositivos traballando de xeito coordinado, fundamentalmente coas do resto do proceso clínico.

E agora, pola información que me pide, nestes mesmos días estará rematado o espazo físico onde —repite— van coincidir recursos que dende hai tres anos están traballando no manexo destes pacientes.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o impacto na mellora da asistencia sanitaria pública tras o convenio asinado pola Xunta en 2015 coa Fundación Amancio Ortega

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.

O pasado 19 de outubro vostede participou, xunto con outros conselleiros autonómicos, na sinatura dun convenio coa Fundación Amancio Ortega para a adquisición de dez equipos de terapia de protóns para o Sistema Nacional de Saúde. Este convenio foi negociado polo Goberno de España, formado polo Partido Socialista Obreiro Español e por Podemos, coa Fundación de Amancio Ortega, e ao Grupo Popular parécenos moi ben. Non obstante, non a todo o mundo lle pareceu tan ben cando Galicia foi pioneira en xestionar este tipo de mecenado.

No ano 2015 a Xunta e a Fundación Amancio Ortega asinaron un convenio para que esta fundación asumise o custo da dotación dun novo equipamento tecnolóxico cuxa adquisición xa



estaba planificada polo Sergas. Nese momento algún grupo parlamentario desta cámara criticounos por recorrer á caridade dun multimillonario. Dese grupo parlamentario formaba parte a que hoxe é vicepresidenta do Goberno, que acaba de recorrer a ese mesmo multimillonario para financiar o Plan de protonterapia.

Ao ano seguinte de que Galicia fose criticada, o Goberno socialista de Andalucía asinaba coa fundación un convenio semellante. No ano 2017 xa foron o resto das comunidades, con gobernos socialistas, nacionalistas e doutras cores, os que asinaron convenios. Nese momento faláronse algúns dos que hoxe se autoproclaman defensores da sanidade pública, por exemplo o señor Manuel Martín, que seica agora anda convocando manifestacións en apoio do sistema sanitario. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora AMIGO DÍAZ: Dicía nos medios cousas como estas...: *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora AMIGO DÍAZ: «*Es una forma de privatización...*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿Vostede quere que estean calados, tamén na súa, non?

A señora AMIGO DÍAZ: *...de la sanidad. La donación es finalista y genera desigualdad. La Administración debe decidir en qué se emplea el dinero sin interferencias». O: «No faltan recursos tecnológicos en el sistema, los que hay están mucho tiempo ociosos».*

Por todo isto, agora, que xa case todos os que criticaban este tipo de colaboracións se entregaron a elas, hoxe, señor conselleiro, queremos preguntarlle: ¿cal foi o impacto na asistencia sanitaria pública galega daquel convenio asinado pola Xunta no ano 2015 coa Fundación Amancio Ortega?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señora Amigo.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas.

Señora Amigo, a verdade é que con declaracións como as que acaba de referir ás veces un pregúntase quen defende a sanidade pública dos que se din ser os defensores da sanidade pública. *(Aplausos.)*

Respondendo á súa pregunta, a sinatura daquel acordo foi un exemplo en defensa da sanidade pública, neste caso por parte da Xunta como por parte por suposto da fundación, que amosou bastante máis compromiso coa nosa sanidade que o que demostran determinadas



plataformas. Vaia por diante, por suposto, como xa dixen alí, o meu agradecemento á fundación polo esforzo que fai esta vez tamén no caso da protonterapia.

En primeiro lugar, cómpre aclarar que aquela colaboración en ningún caso supuxo unha interferencia, pois a fundación financiou dous lotes dun expediente de contratación de tecnoloxías que estaba xa iniciado polo Sergas e que fora defendido cos criterios de necesidade do sistema público. O primeiro lote supoñía un contrato de adquisición e instalación de dez aceleradores lineais nos servizos de radioterapia e a conexión de dous equipos xa existentes.

Precisamente en decembro deste ano está prevista a entrada en funcionamento do último acelerador dese contrato —era un contrato que ía do 2015 ao ano 2023—, na área sanitaria de Vigo neste caso, completando a instalación deses dez novos aparatos e dunha rede centralizada de planificación. Respecto dos nove xa instalados, durante este período de tempo levouse a cabo a amortización de dispoñibilidade destes equipos durante o seu horario de actividade, obténdose unha media de 99,20 %; é dicir, estiveron sen actividade soamente o 1 % do tempo de horario programado.

O impacto total foi o tratamento de máis de 27.400 pacientes, con 55 tipoloxías de enfermidades oncolóxicas neste caso.

O outro lote do contrato que financiou a Fundación Amancio Ortega foi o de dezaseis equipos de mamografía. Deles, catro estaban destinados exclusivamente ao Programa de cribado de cancro de mama, sete estaban instalados en hospitais comarcais compartindo entre cribado e diagnóstico hospitalario e outros cinco dedícanse ao diagnóstico hospitalario, dispoñendo tres deles da moderna tecnoloxía da tomosíntese.

No período 2015-2020 realizáronse con estes equipos un total de 294.708 mamografías.

Polo tanto, señora Amigo, ningunha privatización nin interferencias, nin desigualdade, nin recursos ociosos. Esta colaboración só trouxo máis recursos para a sanidade pública e alegrámonos de que cada vez máis xente se dea conta.

Máis nada, moitas grazas (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Para réplica ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, señor conselleiro, pola súa resposta.

Efectivamente, a algún que vai de defensor da sanidade pública debería de caerlle a cara de vergoña tras opoñerse a un acordo que axudou a case 30.000 galegos a tratar o seu cancro e a case 300.000 galegas a descartar ou ben a diagnosticar un tumor de mama. Desde o Grupo Popular sempre cremos que este tipo de colaboracións debería estenderse.



Así, no 2018 este Parlamento aprobou unha iniciativa do Grupo Popular que dicía o seguinte: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, paralelamente ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, fomenta e acolla de xeito complementario todas aquelas accións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao paciente». Ningún grupo da oposición a apoiou.

Nós seguimos na mesma tese e, de feito, os orzamentos do 2021 incluíron un forte investimento público en tecnoloxía sanitaria e os do 2022 volven facelo. Pero estamos abertos a novos acordos, como o xestionado polo Goberno de España para a protonterapia. Outros mudaron un pouco o seu discurso, e así a voceira de En Marea, organización da que formaba parte naquel momento a señora Yolanda Díaz, falou naquel debate de modelo de caridade, que é francamente vergonzoso en pleno século XXI; e o voceiro do Partido Socialista solicitaba que o Sergas elabore un informe cada vez que exista unha doazón sobre cal é o custo que ten aceptala e remataba afirmando que ao final, se non, acabamos con presidentes que presumen máis dos mecenados que do investimento público. Respecto disto último só quixera salientar o título da nota de prensa do Goberno do PSOE: *Sánchez presenta un plan de implantación de la protonterapia que nos situará a la cabeza de Europa en este tipo de tratamientos contra el cáncer.*

Non sei cales son os presidentes que presumen máis dos mecenados, pero nesta segunda quenda, señor conselleiro, gustaríanos saber se a Xunta está traballando nalgún acordo máis deste tipo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo, xa rematou o seu tempo. *(A señora Amigo Díaz pronuncia palabras que non se perciben.)*

Moitas grazas, señora Amigo, xa rematou o seu tempo. *(Aplausos.)*

Para réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Grazas, señora Amigo.

Está claro que unha cousa é falar dende a oposición e outra dende o Goberno, pero, se lle digo a verdade, case agradezo a incoherencia. O preocupante sería que estes grupos ao acceder ao goberno mantiveran eses plantexamentos un tanto absurdos que fan cando están na oposición. Alégrome de que cambien de idea.

¿Se pode avanzarlle coa culminación dalgunha colaboración máis no sentido do que vostede falaba? Si que o pode facer. En maio do ano pasado a Xunta asinou un novo convenio coa Fundación Amancio Ortega para sufragar os custos de adquisición e o servizo de mantemento por cinco anos dun novo equipo de secuenciación masiva de ADN, neste caso destinado á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

En virtude deste convenio licitouse o contrato para este equipo, que vén de ser adxudicado, neste caso cos técnicos da propia Fundación de Medicina Xenómica, e formalizado por un importe de 1,4 millóns de euros. Xenómica recibiu xa este secuenciador, está instalado e neste mesmo mes visitaremos as súas instalacións para dar inicio do seu funcionamento.



Neste caso quero destacar que a Xunta está cumprindo ese mandato de complementariedade do acordo parlamentario que vostede citou. Tal e como destacamos na comparecencia de orzamentos, ademais desta achega da Fundación Amancio Ortega, os recursos da Fundación de Medicina Xenómica recíbeos directamente da Xunta. Eses recursos duplicáronse dende o comezo da lexislatura, pasando de 3,4 millóns no ano 2020 aos 7 que recibirá no 2022. Polo tanto, hai unha complementariedade entre o mecenado neste caso e os recursos públicos, que permitirá reducir de forma inmediata os tempos e custos de moitas das probas necesarias para o diagnóstico xenético con todas as garantías.

E, finalmente, temos tamén o mecenado xestionado polo Goberno central da protonterapia, do que falabamos antes, que coincide cunha prioridade xa marcada pola Xunta dende o inicio desta lexislatura. Eu non sei se o Goberno de España realizou ese informe que o señor Torrado dicía que había que facer antes das doazóns; dende logo a Xunta si tiña xa elaborado ese estudo, neste caso coa universidade, avaliando as necesidades e posibilidades da instalación da terapia en Galicia. Tiñamos por tanto todo preparado para acometer ese investimento con fondos propios e con fondos europeos e agora esta doazón vainos permitir dedicar eses fondos a outros fins, mentres que con este acordo —por certo, finalista— mantemos a incorporación desta tecnoloxía punteira á nosa sanidade pública. Esa é a bondade destes acordos, o balance neto para a sanidade pública é sempre positivo, por moito que a algúns lles custase tanto tempo entendelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta... *(O señor Torrado Quintela pide a palabra.)*

Dígame, señor Torrado, ¿para que quere a palabra?

(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, non foi unha alusión que supoña unha intervención pola súa parte. Non, non, non, non ten a palabra. Non, non ten a palabra. *(Murmurios.)*

Pasamos á seguinte pregunta... *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa llo estou dicindo, xa me dixo que era por alusión e xa lle digo que non. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Non se preocupe.

Pasamos á seguinte pregunta, do señor... *(Murmurios.)*

Xa quedou gravado, señor Torrado. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, quedou gravado, quedou gravado. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Aplico o Regulamento.



Señor Rivas, vostede non está neste debate.

Señor Torrado, quedanos unha pregunta. Xa dixo que era por alusións e xa lle expliquei (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) que as alusións as valora a Presidencia, e xa lle digo que non corresponde a xuízo do que ocupa a Presidencia neste momento. Non ten vostede a palabra.

Pasamos á seguinte pregunta... (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) do señor Iago Tabarés Pérez-Piñeiro... (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Torrado, xa lle dixen que non tiña vostede a palabra. A quen lle toca dirixir o debate é á Presidencia. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*) Claro, e xa lle digo que non está vostede no uso da palabra. Dígolle que non ten agora a palabra e que pasamos á seguinte pregunta. Grazas. (*O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.*)

Seguente pregunta.

Pregunta de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e D^a Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a vulneración de dereitos fundamentais en residencias de maiores

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: A verdade é que, despois disto, falar de vulneración de dereitos resulta un pouco curioso. (*Aplausos.*)

Ben, a nosa pregunta é unha cuestión moi concreta e o que pedimos é coñecer as accións do Goberno galego para protección de dereitos fundamentais de persoas maiores residentes en centros, nomeadamente o dereito á liberdade, á dignidade e á autoestima. En concreto, realmente o que estamos a preguntar é as reaccións do Goberno galego fronte ás infraccións detectadas á vulneración destes dereitos fundamentais.

E non falamos en abstracto, falamos dun caso concreto, aínda que non o nomearemos. Estou certo de que, polos datos e polas circunstancias —sería preocupante o contrario—, poderán identificar de que centro residencial estamos a falar.

A verdade é que dende este grupo tivemos a oportunidade, non sen moito esforzo por parte deste grupo, de coñecer unha acta do Servizo de Inspección da Xunta de Galiza. E dicimos non sen moito esforzo porque foinos negado dende este parlamento inxustificadamente, en base á protección de datos, pero digo inxustificadamente porque non se tramitou procedemento ningún e mesmo porque non había datos nesa acta de inspección, segundo puidemos comprobar, que puideran atinxir a persoas concretas ou que foran de carácter persoal, para poder identificalas.



Pois ben, unha vez que accedemos a esa acta de inspección, porque ten presunción de veracidade respecto dos feitos aí consignados, podemos determinar: primeiro, que nese centro residencial no ano 2017 e no ano 2018 non se fixera visita de inspección ningunha. Só preguntamos por tres anos. Pois deses tres anos en dous non se fixo visita de inspección ningunha.

No ano 2019, cando si se fixo visita de inspección, comprobouse que nese centro existían máis residentes que número de prazas autorizadas. O número de prazas autorizadas era 198, existían máis residentes e residentas nese centro. Tamén, que se incumprían os ratios de persoal de atención directa, mesmo comprobándose que había persoas contratadas para ser cociñeira que funcionaban como auxiliar de xerontoloxía.

Pero o que é máis grave é que existían residentes, en concreto seis persoas que residían no centro, ás que se lle estaban aplicando medidas de suxeición mecánica sen que existise nin consentimento nin prescrición médica. A xuízo non do BNG, senón da Sociedade Española de Xeriatría e Xerontoloxía, as medidas de suxeición atentan contra os dereitos fundamentais das persoas, ás que privan de liberdade, e atentan tamén...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tabarés, moitas grazas. Xa rematou o seu tempo.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...contra principios e valores, contra a dignidade... (O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa rematou o seu tempo, señor Tabarés. Sabe que isto funciona así con todos. Se estivo atento, dáse (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) conta de que interrompemos hoxe a todos cando acaba o tempo que teñen estimado.

Moitas grazas a todos por entendelo. (*Aplausos.*)

Ten a palabra a conselleira de Política Social, a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Presidente.

Señor Tabarés, eu agradézolle moito a pregunta que vostede me formula hoxe, porque avanzar no coidado e no benestar das persoas maiores ou con discapacidade que viven nun centro residencial en Galicia é un obxectivo primordial para todos os que estamos hoxe aquí. Unha misión que, ademais, comparten todos os profesionais dos centros sociosanitarios de Galicia, que cada día dan o mellor de si para ofrecerlles os mellores coidados e a mellor atención a todas as persoas maiores e con discapacidade que viven nese centro.

Por iso, cada vez que acudo a esta cámara a dar resposta a algunha pregunta non me cansarei nunca de aos profesionais de todos os centros de Galicia, sexan da iniciativa que sexan, darlles as grazas polo seu esforzo, polo seu traballo e pola súa permanente dedicación durante todos estes dificultísimos meses de pandemia da covid-19.



Este labor diario que realizan todos estes profesionais non é para nada sinxelo, porque garantir a seguridade e a calidade de vida de todos e cada un dos residentes é a súa misión primordial. Pero ademais teñen que atender cada día a casuísticas moi diferentes.

As medidas de contención teñen que ser sempre o último recurso. Deben de usarse de forma temporal e, en todos os casos, coa finalidade de evitar un mal maior.

O protocolo de inspección dos servizos sociais establece dous requisitos para a súa aplicación: contar con prescrición médica e tamén cun consentimento informado. Este consentimento informado ten que ser tanto por parte do propio residente como dun familiar ou do seu representante legal en función da capacidade de obrar de cada usuario.

Señor Tabarés, sempre que se detecta un incumprimento, sempre que sexa respecto desta obriga ou respecto de calquera outra, isto é investigado polos servizos de inspección da Xunta de Galicia. E dígolle que é investigado sempre, sempre, sen excepción. E, se nalgún caso existisen actuacións irregulares, naturalmente se inicia o correspondente procedemento sancionador. E dígolle que isto ocorre sempre, sen excepcións.

Por iso, tamén isto foi o que sucedeu no caso ao que vostede se refire na pregunta que me formula. Impúxoselle unha sanción a esa entidade e esa sanción está actualmente seguindo os trámites estipulados pola normativa vixente.

Señor deputado, o sistema funciona, os incumprimentos perségúense e castíganse.

E, señorías, no que vai de ano realizáronse máis de 400 inspeccións nos centros residenciais de maiores e de persoas con discapacidade, e iniciáronse tamén 58 procedementos sancionadores.

O persoal inspector da Xunta de Galicia actúa con contundencia ante os incumprimentos, e faino de xeito...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira, rematou o seu tempo.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): ...proporcional e sempre de acordo coa legalidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para réplica ten a palabra o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Como temos moi claro de que centro estamos a falar, primeiro: cando se detecta unha infracción deste estilo, unha infracción contra a liberdade ou contra a dignidade da persoa,



non é procedemento sancionador, hai que comunicarllo ao Ministerio Fiscal, porque están encubriendo (*Aplausos.*) un delito. E encubrir delito tamén é un delito pola súa banda. Por tanto, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si... Por tanto, non diga que se está res-pectando.

Segundo: iniciar o procedemento sancionador un ano despois de detectada a infracción polos seus servizos de inspección, por tanto, moi exiguos, de quince persoas, incluso para controlar a vulneración de dereitos, nin sequera como se recolle na memoria da Fiscalía, nin sequera a Fiscalía ten recursos abondos. É dicir, nas infraccións, nas vulneracións de dereitos que se están producindo nas residencias de Galiza non existen medios nin administrativos nin fiscais como para poder ser perseguidos. Pero é máis, nese prazo dun ano en que decidiron incoar, non sancionar, incoar procedemento sancionador, a esa mesma empresa, a ese mesmo centro concertaron 96 prazas nun contrato de millóns de euros. Ante unha infracción, ante unha vulneración de dereitos fundamentais, a residentes nese centro, a resposta da Xunta de Galiza foi non sancionar —por certo, as sancións son bastantes reducidas—, foi premiala cun novo contrato (*Aplausos.*) de varios anos e varios millóns de euros.

Señora conselleira, teñen que modificar e facer un xiro ao modelo. Primeiro están as persoas e despois están as sociedades. E neste momento, e neste caso concreto, están beneficiando e protexendo mesmo a vulneración de dereitos fundamentais das persoas, da liberdade, da autoestima, e con risco para a saúde... (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tabarés. Rematou o seu tempo, moitas grazas.

(*Aplausos.*)

Para réplica do Goberno ten a palabra a señora García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Grazas, presidente.

Deputado Tabarés, como eu xa lle dixen na miña primeira intervención, o persoal inspector da Consellería de Política Social sempre investiga o funcionamento dos centros e actúa con contundencia ante os incumprimentos.

O uso das suxeicións é certo que é un tema moi delicado que a Xunta de Galicia quere abordar de raíz, para previr e para combater calquera tipo de uso inadecuado que poida darse e que xa lle aseguro que na nosa comunidade son absolutamente marxinais.

Hoxe sabemos que o uso non sempre reduce o risco de caídas, senón que hai outros recursos que ás veces son máis idóneos. Por iso, pódese garantir sempre a seguridade das persoas maiores.

Limitar a un mínimo posible o uso de suxeicións é esencial para asegurar o benestar das persoas maiores e persoas con discapacidade que viven día a día nos centros residenciais, e



que deben de sentir estes centros como o que son, os seus fogares. Por iso, no novo modelo de residencias que está a ultimar o comité asesor sociosanitario todos os centros de maiores de Galicia estarán obrigados a reducir as suxeicións ao mínimo posible. Deste xeito, cumpriremos cun dos principais obxectivos desta reformulación do sistema sociosanitario: seguir humanizando cada vez máis os nosos centros para que as persoas maiores se sintan sempre como na súa propia casa. E, para conseguilo, todas as residencias contarán cun programa de redución de suxeicións, con medidas concretas e medidas avaliadas, e, ademais, farase un esforzo importante en tres ámbitos fundamentais: na formación do persoal, na adaptación dos espazos para facelos cada vez máis accesibles e tamén no uso das novas tecnoloxías, para facilitar o día a día dos nosos residentes pero tamén facilitar o traballo e o labor dos distintos profesionais.

Señorías, en poucos meses as residencias de Galicia avanzarán varios anos. O novo modelo achegará ferramentas que nos permitirán mellorar a calidade de vida dos usuarios, pero tamén —como dicía— facilitar o traballo do día a día dos distintos profesionais que con tanto e tanto cariño coidan os nosos maiores.


Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Estando aprazada a última pregunta da orde do día e non tendo máis asuntos, rematamos a sesión.

Remata a sesión á unha e corenta e nove minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

